

HORTA, FROITA E FLOR. O congreso sectorial será na Estrada o 31 de maio

PATAÇA. A Limia céntrase na sementeira tras unha das peores crises de prezos no sector ▶ 14



17 e 18 de abril, campesiñado e cidadanía man a man contra o TTIP
A Vía Campesina centra o Día Mundial da Loita
Labrega na crítica aos tratados de librecambio ▶ 24


FOUCE

Periódico labrego de información técnica e sindical - Ano XLI - Nº 307 - Marzo/Abril 2015

ESTE CONTRATO É UN ATRACO



O 1 de abril, comezou unha nova era para un sector lácteo europeo que, dun día para outro, espertou liberalizado, sen ningún tipo de control sobre a produción. O inicio da primeira campaña sen cotas, a 2015/2016, non podía iniciar a súa andaina con peor pé, no contexto dunha das peores crises de prezos dos últimos anos, con valores por baixo dos 27 céntimos e moitos casos que andan ao redor dos 20. As industrias campan ás súas anchas, ameazando e extorsionando as granxas e impondo a súa lei. Segundo a ministra e a conselleira, a culpa é dos gandeiros e das gandeiras. ▶ 3 a 8



CUNICULTURA.

O galego Xosé Luís Santaclara, novo responsable do sector cunícola para COAG no Estado, participou nas negociacións co Ministerio para regular os matadoiros de proximidade. ▶ 15

VENDA DIRECTA.


Botan a andar novos mercados de alimentos labregos en Pontevedra e no Burgo (A Coruña) que estarán baseados na agroecoloxía e en sistemas participativos de garantía. ▶ 16-17

EUROPA.

A Coordinadora Europea da Vía Campesina celebrou as súas asembleas xeral, de mulleres e de mocidade. ▶ 20-21/26

O 8 de marzo e o Encontro Anual da Secretaría das Mulleres ocuparon a axenda das labregas do SLG

O 14 e o 15 de marzo, un cento de labregas de toda Galiza participaron no Encontro Anual da Secretaría das Mulleres do SLG, que este ano tivo lugar na Illa de San Simón (Redondela). Unha semana antes, a Vía Campesina facía do 8 de marzo unha xornada global de loita. ▶ 27-29



O desexable, o viable e o factible. Catro personaxes e catro palabras para describir un mundo en cambio

por Daniel Rodicio, integrante da Dirección Nacional do SLG

Yanis Varoufakis: ministro de economía do novo goberno grego de Tsipras. Economista greco-australiano de gran prestixio internacional e autor de “O minotauro global”, publicado pola editorial Swing. Neste libro explica como os EE.UU. e Wall Street controlan os fluxos de capital global e que consecuencias que crea este sistema insostible e descompensado.

Amin Maaluf: escritor, economista, politólogo e sociólogo libanés que considera que a deleiva do mundo ten menos que ver co “choque de civilizacións” entre occidente e o mundo árabe, e máis co caos económico-financeiro que transforma o planeta enteiro nunha zona de turbulencias de consecuencias imprevisibles; así como o cambio climático, que considera consecuencia dunha longa práctica de irresponsabilidades colectivas.

Jim Benham: de Indiana (EE.UU.), forma parte dun grupo reducido pero crecente de labregos estadounidenses que se afastaron das sementes biotecnolóxicas en reacción á caída dos prezos do gran. Os seus 63 anos de idade non foron obstáculo para que se unise ao movemento antitransxénicos.

Esther Vives: xornalista e investigadora de movementos sociais e políticas agrícolas alimentarias. Acaba de publicar o libro *O negocio da comida. Quen controla a nosa alimentación?* en Editorial Icaria.

Wahhadismo: unha das catro escolas do Islam Sunní e a máis integrista e conserva-

dora. Non son poucas persoas as que a consideran o “fascismo islámico”. As outras tres escolas son a hanafita, que é a máis liberal; a malequita, que admite a interpretación persoal; e a chafita. A escola wahhadista foi minoritaria até que, no século XIX, a dinastía reinante en Arabia Saudí a fixo relixión oficial e a financiou internacionalmente.

Hibridación cultural: termo acuñado por Peter Burke co que describe o fenómeno da mestura e hibridación cultural mediante fenómenos como o xudaísmo zen, a comida occidental con soia, as relixións New Age, o kung-fu nixeriano, os filmes de Bollywood ou música reggae o raí.

Fronteiras: existen fronteiras máis alá das fronteiras entre estados. As fronteiras de non ter oportunidade de integrarse ou ascender socialmente os fillos e as fillas de inmigrantes. O racismo e a xenofobia. A discriminación cultural ou relixiosa tamén actúan como fronteira dentro da propia fronteira. O espolio e o empobrecemento que o primeiro mundo exerce sobre o terceiro tamén provoca que non se poidan ampliar as fronteiras dos dereitos humanos.

Austeridade: idea política perigosa e práctica individual razoable. Como idea política económica, consiste no espolio das persoas pobres para entregarlle o meirande da riqueza a persoas ricas, provocando cada vez maior desigualdade entre clases e entre territorios.

Utopía posible nun futuro próximo: Ler o Charlie Hebdo no Ramadán, comendo falafel na Meca; deixar que unha labrega grega venda hortalizas e mel a carón do Partenon, que poida existir a integración social na periferia de París, que desaparezan os mini-jobs en Alemaña ou que un mozo labrego galego poida viaxar sen ter que emigrar son cousas desexables, viables, factibles e necesarias neste mundo no que vivimos se aplicamos o concepto da soberanía alimentaria. Estes catro personaxes e estas catro palabras axúdannos a explicar mellor a soberanía alimentaria, cousa indispensable para ser maioría e conquistar a hexemonía.



Tódolos contidos deste periódico publícanse baixo licenza Creative Commons Non Comercial / Atribución / Compartir igual



FOUCE

EDICIÓN

Edicións Fouce, Departamento de Publicacións de Servizos Agrarios e Contables SL

COORDINACIÓN

Xosé García Rodríguez

CONSELLO EDITORIAL:

Isabel Vilalba Seivane, Xabier Gómez Santiso, Conchi Mogo e Daniel Rodicio.

DESEÑO E MAQUETACIÓN

Xosé García Rodríguez

COLABORACIÓN

Isabel Vilalba, Margarida Prieto, Daniel Rodicio, Vera Cruz Montoto, Ros Domínguez, Natalia Noguero, Miguel Méndez e Conchi Mogo.

PECHE DE EDICIÓN

08-05-2015

ENDEREZO

Ofelia Nieto nº 13-23. Compostela 981 554 147
prensa@sindicatolabrego.com
www.sindicatolabrego.com

DEPÓSITO LEGAL

C-749/88

NACIONAL Ofelia Nieto 13-23, Meixónfrío, Compostela. ☎ 981 554 147
COMPOSTELA Idem Nacional. ☎ 981 588 532
MELIDE Praza do Convento 2. ☎ 686 936 429
ARZÚA Piñeiral 12, 2º esq. ☎ 981 508 177
SANTA COMBA Aula 9 do Edificio Multiusos. ☎ 699 924 632
ORDES Alfonso Senra 117. ☎ 981 682 908
BETANZOS Cruz Verde 7, esquina praça Dona Agueda. ☎ 981 773 377
TEIXEIRO Martínez Pardo 13, 1º esq. ☎ 981 789 781
MOECHE Casetas da feira de Moeche. ☎ 981 773 377

VALDEORRAS Praza do Concello, edificio sindical 2, 1º, O Barco. ☎ 988 321 511
VERÍN Travesía de Sousas 20, Galerías Maga. ☎ 988 590 438
RIBADAVIA Virxe do Portal 11. ☎ 988 477 230
XINZO San Sebastián 16, baixo. ☎ 988 462 547
LUGO Miguel de Cervantes 47, ent. ☎ 982 231 154
SARRIA Bar Adaxa. Calvo Sotelo 133. ☎ 679 457 264
CHANTADA Emilia Pardo Bazán 11, baixo. ☎ 982 440 804
A FONSAGRADA Bar A Lúa. Rosalía de Castro 16. ☎ 698 157 379
RIBADEO Av. Calvo Sotelo 3, 1ºE. ☎ 982 130 615

LOURENZÁ Av. Fernández del Riego 5, 1º C. ☎ 982 121 376
VILALBA Rúa do Cuartel 1, ent. A, estrada de Meira. ☎ 982 512 431
MEIRA Xeneralísimo 47-49. Edf. Miño, ent. E. ☎ 982 331 714
A ESTRADA Gradín 1, baixo. ☎ 986 573 232
LALÍN Monte Faro 28, baixo. ☎ 986 792 268
SILLEDA Av. do Parque 32, centro comercial O Parque, of. 12. ☎ 986 580 526
PONTEAREAS Rúa Amieiros, portal 1º A, 1º C. ☎ 986 641 508
O ROSAL Ramón Franco, Edf. Rosales. ☎ 986 625 394
O SALNÉS Av. Bouza Matín 9, 1º. Barrantes (Ribadumia). ☎ 986 718 526

A imperiosa necesidade dunha regulación da produción

Co final das cotas lácteas, a política leiteira europea pública queda reducida á súa mínima expresión. A partir de agora e se non se toman outras medidas, a administración pon nas mans da industria a decisión de canto se produce, a que prezo, as calidades esixidas, ou en que granxas ou zonas se vai recoller o leite.

Reafirmase a orientación da política leiteira europea aos mercados internacionais e á exportación, coa idea de ter grandes cantidades de leite a baixo prezo, nun número cada vez menor de granxas industriais de gran tamaño, con pouco emprego, man de obra precaria, un modo de produción cada día máis intensivo, e concentradas en moi poucas zonas.

Durante estes últimos anos, o sector foi asumindo xa a denominada “aterraxe suave do final do sistema de cotas”, con incrementos progresivos da cota asignada e problemas cada vez maiores de excedentes, que xa no 2009 causaron baixos prezos.

Os contratos obrigatorios sen prezo, organizacións de produtoras e produtores que a industria non recoñece, uns baixísimos valores de intervención, e o resto das medidas do chamado “paquete leite”, amosan a súa ineficacia para garantir uns prezos mínimos que cubran os custos de produción e unha renda digna

✓ Non hai futuro vendendo a perdas

O Ministerio de Agricultura publicou, no mes de febreiro, un Real Decreto no que fixaba uns contratos obrigatorios por un ano, nos que as industrias poden seguir fixando unilateralmente os prezos e as condicións, sen ningún sistema de mediación que garanta o dereito a non ser obrigados a vender a perdas, ou a regulación do papel da distribución, nun sistema de reparto de marxes axeitados ao longo de toda a cadea.

Este primeiro mes de campaña, a industria, que acaba de anunciar un recurso no Tribunal Supremo contra os contratos a un ano, iniciou a súa guerra particular contra o Ministerio de Agricultura, empregándonos como reféns ás gandeiras e gandeiros e imponéndonos condicións que supoñen na práctica a ruína das explotacións (ameazas de

recollida individuais e a cooperativas, prezos miserables que chegaron aos 20 céntimos...).

✓ Incrementos de produción sen saída no mercado

Na Xuntanza do Grupo de Diálogo Civil do Sector Lácteo Europeo en Bruxelas do 12 de maio, no que participou o Sindicato Labrego Galego, presentáronse os datos de incremento da produción do último ano, ata o mes de febreiro, cunha suba global do 3,3%, en 27 países, coa excepción de Greza. O estado español incrementou a súa produción un 4,3%, Alemaña un 2,3%, Francia 3,6%, Reino Unido 5,7%, Irlanda 4,3%, Polonia un 5,3%... O que coincide cunha lixeira baixa no consumo interno, o veto ruso aos produtos lácteos da UE ou o descenso de compras dos principais países importadores como China ou Alxeria. Os principais países produtores a nivel mundial tamén incrementaron a súa produción nos últimos tempos: Estados Unidos subiu un 2% nos primeiros meses respecto ao mesmo período do ano anterior, Australia subiu un 3%, Nova Zelandia un 2%...

En febreiro, xa había prezos por debaixo dos 30 céntimos en 10 dos 28 países membros, coa media nos 31,80 céntimos (31,70 de media no Estado Español, 31,60 en Portugal, 31,50 en Francia, 31,50 en Holanda, 30,90 en Alemaña ou 29,10 en Polonia). Prezos baixos xeneralizados, que afectan a países nos que a recollida a fan maioritariamente as cooperativas como Dinamarca ou Bélxica, que denunciaron prezos de 25 céntimos na actualidade.

✓ Torres de leite en po e baixos prezos

Preocupan tamén as cantidades almacenadas de leite en po e de manteiga. O primeiro stock por cantidade de leite en po é o de Alemaña (11.805 toneladas) e o segundo o do Estado Español (6.193 toneladas). A aposta da Consellería de Medio Rural e do Sr. Feijóo de facer máis torres de po, cun mercado tan saturado, semella unha auténtica tolería. O normal sería fomentar a produción de derivados lácteos con maior valor engadido que permitisen pagar nas explotacións uns prezos que cubran os custos de produción e ter unha renda digna; e só, accesoriamamente, poder sacar excedentes puntuais pola vía do leite en po.

✓ Desaparición de granxas e incremento da produción nalgúns países

Na maioría dos países europeos, entre eles o Estado Español, a Comisión de Agricultura prognostica que, a medio prazo, a produción de leite diminuíra bastante, aínda que fan unha lectura optimista porque sinalan que, globalmente, vai aumentar a produción (12 millóns de toneladas en 10 anos). Iso si, concentrada nunhas poucas zonas e países (Francia, Alemaña, Holanda...). Demencial, se pensamos que o Ministerio de Agricultura e a Consellería de Medio Rural presentan como oportunidade a desregulación do mercado, mentres que, dende a Comisión Europea, se prevé que desapareza parte da produción en Galiza e no resto do Estado.



LEITE ▶ Ameazan con deixar de recoller o leite ás granxas que non asinen contratos cos valores que elas impoñan diante da pasividade total do Ministerio e da Consellaría

A industria dinamita o sector lácteo galego con prezos inferiores aos 27 céntimos

As organizacións agrarias iniciamos unha campaña para acadar o apoio das corporacións locais das comarcas leiteiras

Os gandeiros e gandeiras que viven da produción leiteira na Galiza levan varias semanas de angustia no arranque da primeira campaña sen cotas. O denominador común en todo o país á hora de asinar contratos por un ano foron prezos medios de 27 céntimos cara a abaixo, en moitas zonas a 24 e mesmo a 20.

As condicións da industria foron claras: ou se asina o contrato obrigatorio nesas condicións ou non recollen o leite. A indefensión das granxas está a ser absoluta cunha Consellaría de Medio Rural e un Ministerio de Agricultura completamente desaparecidos. E tal a impunidade coa que actúan as industrias, que mesmo saltan a lei ao presentarlle aos gandeiros e gandeiras cartas de renuncia á duración obrigatoria de un ano no contrato para que as asinen.

Por se había alguén que pensase que chantaxe das industrias non ía en serio, empresas como Celta ou Logística Alimentaria ameazaron con non recoller o leite, a partir do 1 de maio, ás cooperativas Mopán (Monterroso), Codegui (Guitiriz), Tierra Llana (Castro de Rei) e Coba de Valles (Mesía e Curtis); dándolles como alternativa vender á torre de leite en po de Reny Picot en Asturias a un prezo de 21 céntimos. Ao final, trala intervención de Medio Rural, venderanlle a Rio a un prezo de 27 céntimos.

Pola nosa banda, as tres organizacións agrarias -Sindicato Labrego Galego, UUAA e XXAA- iniciamos unha campaña de contactos a tódolos niveis para de-

Durante o mes de abril houbo varias xuntanzas con alcaldes, alcaldesas e edís das comarcas leiteiras, como a da Terra Chá e A Mariña, na que estiveron Margarida Prieto e Xosé Ramón Cendán (arriba), ou a de Lugo, coa secretaria xeral, Isabel Vilalba

nunciar esta situación e implicar á clase política na defensa do sector. Neste marco, houbo xuntanzas cos alcaldes, alcaldesas e edís das principais comarcas leiteiras galegas para que asinasen un documento de apoio que foi aceptado con independencia das siglas políticas. O documento tiña seis demandas:

1. Determinar a ilegalidade dos contratos asinados até o de agora, fixados baixo a presión da industria, que impón as condicións. Pedimos a intervención urxente da Xunta.
2. Reforzar o poder negociador das produtoras e dos produtores, establecendo un sistema de arbitraje específico para os contratos lácteos que contrapesase o grande poder transnacional do que dispoñen as empresas transformadoras e distribuidoras.
3. Finalizado o período de cotas, debe garantirse a recollida en todas as granxas de leite que están a desenvolver a súa actividade.
4. Na adxudicación de licenzas de compradores, cómpre artellar mecanismos para evitar estafas nas explotacións.
5. Medidas eficaces para que as granxas podan reducir os seus custos de produción e mellorar a súa renda, como protexer e ampliar a superficie agraria útil e dotalas de maior superficie de cara a producir alimentos para o gando.
6. Unificar criterios autonómicos para perseguir a venta a perdas que practica a distribución co leite como reclamo.



Pedimos a nulidade do 100% dos contratos asinados en 2015

Outra das accións levadas a cabo foi esixir a nulidade do 100% dos contratos asinados no sector lácteo galego entre industria e granxas no ano 2015 por ter sido impostos mediante prácticas extorsivas e ilegais. Esta denuncia foi rexistrada polas tres organizacións agrarias o 24 de abril, e baseouse en tres feitos contrastados:

1. Os contratos son produto da imposición e non da negociación de dúas partes en pé de igualdade, e estanse a asinar, moitas veces, baixo a ameaza da industria de deixar de recoller o leite.
2. Os criterios de indexación para formar prezos, ou non aparecen nos contratos ou non son obxectivos ao ser manipulables pola propia empresa. Son as industrias as que marcan os criterios de construción de prezos, utilizando as calidades para baixalos.
3. Hai moitas industrias que están obrigando a asinar renuncias voluntarias ás explotacións para que os contratos duren menos de un ano, o cal constitúe fraude de lei.

SEGUE ▶

“Se as industrias seguen sen escoitarnos, emprenderemos accións máis contundentes”

Nunha rolda de prensa ofrecida polas tres organizacións agrarias o pasado 15 de abril, en Compostela, a secretaria xeral do SLG, Isabel Vilalba, denunciou que “hai unha guerra na que os gandeiros e as gandeiras somos reféns: o Ministerio de Agricultura impuxo un marco de contratos obrigatorios a un ano que non foi aceptado pola industria, a cal nos está a impor unilateralmente aos produtores e produtoras as peores condicións posibles e prezos á baixa, ou fixando calidades para baixar aínda máis eses prezos. En definitiva, os contratos son unha arma que se está a utilizar contra nós, gandeiros e gandeiras, ao impoñernos condicións ruinosas”.

Respecto a posibles mobilizacións, Isabel Vilalba explicou que “se tras esta vía de diálogo as industrias seguen sen escoitarnos, o sector está disposto a emprender accións máis contundentes. Con prezos de vinte e poucos céntimos, non hai explotación que aguante a medio prazo, polo que utilizaremos tódalas ferramentas que teñamos na nosa man para impedir isto”. Cando preguntaron os xornalistas respecto da posibilidade de materializar as mobilizacións nunha folga de entregas, Isabel Vilalba dixo que se trata “dunha opción moi dura para os gandeiros e gandeiras: se xa é difícil non chegar a fin de mes polos baixos prezos, ter que tirar o teu produto e deixar de ingresar o pouco que gañas é a aínda máis traumático. Pero, antes de pechar a explotación por ruína, estamos dispostos e dispostas a considerar esta opción. En calquera caso, será algo que terán que decidir os gandeiros e gandeiras e precisará o apoio maioritario do sector produtor”.

✓ A andrómena da multa á industria

A comezos de marzo, antes de estoupar esta crise, a Comisión Nacional do Mercado e da Competencia (CNMC) impoñía unha multa de 88 millóns de euros a varias industrias lácteas: Danone, Peñasanta, Lactalis, Nestlé, Puleva, Pascual, Senoble Ibérica (fornecedora de Mercadona), Central Lechera Asturiana, Gremio de Industrias Lácteas de Cataluña, Asociación de Empresas Lácteas de Galicia (Aelga) e Central Lechera de Galicia. Tamén infrinxiron a lei Industrias Lácteas Asturianas, Leite Río, Feiraco, Celta e Forlactaria, pero non foron multadas porque o seu delicto xa prescribira.



Entre os numerosos actos de denuncia, houbo unha rolda de prensa das tres organizacións agrarias o 15 de abril (esquerda); e outra organizada polo propio SLG na que Xosé Ramón Cendán e Xabier Gómez Santiso valoraron a multa ás industrias



Tal e como están os prezos, está claro que a sanción vana acabar pagando as propias granxas. Nunha rolda de prensa, o coordinador dos Sectores Gandeiros no SLG, Xabier Gómez Santiso, explicou que “unha simple baixada de 2 céntimos no prezo do leite en orixe supónlle ás explotacións lácteas galegas deixar de ingresar 45 millóns de euros nun ano. Máis alá diso, só coa caída brutal sufrida no valor do leite ao longo de 2014, as granxas

galegas deixaron de ingresar 50 millóns de euros só no último semestre dese ano se o comparamos co que ingresaron nos seis meses finais de 2013. Estes datos demostran que a multa vana pagar as granxas xa que, a pesares da sanción, o negocio das industrias non se veu afectado. En calquera caso, ninguén vai devolver ás explotacións os millóns que deixaron de ingresar por esta imposición de prezos de miseria durante décadas”.

Ministra e conselleira botan a culpa da crise aos gandeiros e gandeiras

Nesta nova crise do sector lácteo, a actitude da ministra de Agricultura, Isabel García Tejerina, e da conselleira de Medio Rural, Rosa Quintana, está a ser absolutamente vergonzosa. Non só permanecen totalmente pasivas diante das prácticas mafiosas da industria e da indefensión de gandeiros e gandeiras, senón que, ademais, tiveron a pouca vergonza de culpar ao sector produtor da situación crítica que padecen.

Nunha visita propagandística a Galiza enmarcada na campaña electoral do PP, o 21 de abril, Tejerina realizou declaracións a varios medios de comunicación nos que, directamente, botaba a culpa aos produtores e produtoras de leite da crise de prezos que están por non saber negociar. O 1 de maio, Rosa Quintana acusaba de deixación de funcións ás organizacións de produtores e produtoras (OPLs), que se supón que son as que deben negociar os prezos coa industria.

Dende o Sindicato Labrego recordámoslle á ministra e á conselleira que as OPLs non

teñen ningunha posibilidade de negociar os prezos, pois non hai ningunha norma que obrigue á industria a aceptar ningún prezo que non sexa o que fixe ela mesma. E isto é así grazas a leis aprobadas polo actual Goberno do Estado e, en particular, impulsadas polo Ministerio de Agricultura, como a Lei da Cadea Alimentaria, cuxa aplicación non está a evitar que as granxas leiteiras estean obrigadas a aceptar prezos por baixo dos custes de produción.

Para o Sindicato Labrego son a ministra e a conselleira as responsables últimas da crise do sector lácteo porque as súas políticas demostraron ser totalmente ineficaces para as granxas e unha ferramenta máis ao servizo da extorsión das industrias. Por iso, parécenos unha auténtica frivolidade que a máximas representantes dos sectores agro-gandeiros no Estado Español e na Galiza culpen ao sector produtor en vez de defendelo no contexto dunha das peores crises de prezos dos últimos anos.

SEGUIE ▶

O SISTEMA DE COTAS ▶ Dende que se comezou a falar das cotas leiteiras na Galiza, a comezos dos oitenta, pasaron moitos anos e aconteceron tantos sucesos que é case imposible reflectilo todo nestas dúas páxinas. Vaian, xa que logo, algúns dos principais fitos dunha loita que puxo en pé de guerra a Galiza en máis dunha ocasión e que ten propiciado as maiores mobilizacións agrarias da nosa historia.

As cotas lácteas na Galiza: cronoloxía dunha inxustiza

1984

✓ **1 de abril:** a Comunidade Económica Europea (CEE) crea o sistema de cotas leiteiras para atallar a crise de excedentes en varios países comunitarios. O sistema consiste en aplicar unha taxa ou multa sobre todo exceso de produción a maiores da cota asignada a cada país.

1985

✓ **12 de xuño:** Felipe González asina a Acta de Adhesión á CEE.

✓ As Comisións Labregas CCLL organizan manifestacións contra a cota leiteira en vilas como Ribadeo, Lugo, Ourense ou Compostela.



28 de novembro: Xosé Ramón Cendán e Emilio López manteñen unha xuntanza co ministro de Agricultura, Carlos Romero, para falar de Galiza e a produción leiteira diante da entrada na CEE.

1986

✓ **1 de xaneiro:** O Estado Español entra na CEE e o sector lácteo comeza a rexerse polo sistema de cotas: 6 millóns de toneladas para o Estado, 1.150.937 quilos para Galiza, o que equivale a unha media de 10.276 quilos para cada unha das 112.000 granxas galegas.

1987

✓ Por iniciativa das Comisións Labregas créase a **Plataforma en Defensa do Sector Lácteo Galego (PDSLGS)** apoiada por sindicatos, cooperativas, industria e mesmo polo PP contra a inxustiza da misérrima cota leiteira para Galiza.

✓ **28 de febreiro:** a PDSLGS organiza unha manifestación masiva na Coruña na que contabilizan 100.000 asistentes. Gran traballo preparatorio das CC.LL., con máis de 300 asembleas previas. Tamén haberá unha tractorada multitudinaria no Obradoiro.



✓ O Goberno recúa na aplicación do sistema de cotas. Campaña para que as granxas recorran de xeito masivo as cotas asignadas.

1988-89

✓ A loita contra as cotas segue. Chamamento das Comisións Labregas a recorrer masivamente as cotas asignadas en base á produción de 1985.

1990

✓ **18 de febreiro:** o SLG celebra unha asemblea histórica do sector lácteo en Silleda á que asisten 3.000 persoas.



✓ **1 de abril:** manifestación polo sector lácteo na praza da Quintana.

✓ **26 de abril:** unha tractorada paraliza Galiza durante 7 horas.

1991

✓ Ao longo deste ano, varias accións a nivel europeo en colaboración con outras organizacións da Cornixa Cantábrica e Portugal.

1992

✓ **Reforma de McSharry:** prorrógase o sistema de cotas até o 31 de marzo de 2000.

✓ Quedan 70.132 explotacións lácteas con 1.515.272 toneladas de cota (21.606 quilos por granxa).

1993

✓ **1 de abril:** manifestación no Obradoiro baixo o lema "Cotas nunca máis, producir sempre".

✓ Como aínda non se conseguiu aplicar a supertaxa, publican no BOE as normas para regulala, pero as fortes mobilizacións seguirán impedindo a súa aplicación.

1994

✓ **1 de marzo:** publícase o decreto regulador da supertaxa e da compravenda de cota.

✓ **Agosto:** o BOE publica unha orde que fai definitivas as asignacións de cota. Toda a loita social liderada polo SLG acada que, en troques de aplicarlle a Galiza unha cota baseada na capacidade produtiva de 1985, se lle aplique uns límites baseados na campaña 91-92.

✓ **26 ao 31 de outubro:** o SLG inmoviliza 25 vagóns de tren con 700.000 litros de leite francés nas estacións de Lugo e Sarria camuflado baixo a marca Vega de Oro.

SEGUIE ▶



1995

- ✓ Ao non dar aplicado a supertaxa, os poderes públicos fomentan o peche de explotacións coa compravenda especulativa de cota a través das oficinas de extensión agraria. Nesta época, comeza a ser habitual a venda de leite “negro”, sen declarar.
- ✓ A Consellaría de Agricultura dá orde de pagar parte da supertaxa ás industrias, as cales repercuten no sector baixando os prezos e retendo.
- ✓ **2 de abril e 10 de maio:** novas manifestacións en Compostela.

1996

- ✓ **Loyola de Palacio** substitúe a Atienza á fronte do Ministerio de Agricultura. A nova ministra aplicará a supertaxa sen contemplacións nun contexto de forte caída de prezos.
- ✓ Cota media galega: 33.000 quilos. Cota media no Estado: 43.000.
- ✓ De Palacio oculta os datos da campaña para non crear alarma social, ao tempo que as industrias reteñen os cartos da **supertaxa 95/96**, que ascende a 2.800 millóns de pesetas.
- ✓ **6 de setembro:** manifestación unitaria en Compostela.
- ✓ **8 de outubro:** manifestación unitaria en Madrid.
- ✓ **4 de decembro:** tractorada en Compostela.

1997

- ✓ **15 de xaneiro:** unha tractorada paraliza Galiza. Novas manifestacións o 4 e 5 de abril.
- ✓ Loyola de Palacio volve ocultar datos para que non afecten as eleccións autonómicas.
- ✓ **Supertaxa da campaña 96/97:** 3.690 millóns.
- ✓ Manifestación masiva en Compostela.
- ✓ Quedan 47.000 explotacións lácteas na Galiza. Delas, unhas 20.000 están endebedadas nuns 35.000 millóns de pesetas.

1998

- ✓ **20 de xaneiro:** unha nova tractorada colapsa Galiza de 10:00 a 17:00 horas. Represión total: 40 persoas detidas en Compostela e 4 feridas en Lalín. Multas desproporcionadas. Manifestación polas liberdades civís e contra a represión.



- ✓ **4 de marzo:** chegan as primeiras notificacións de multas.
- ✓ **6 e 7 de marzo:** outra tractorada masiva contra a supertaxa, secundada por 10.000 tractores, volve paralizar Galiza durante 30 horas.
- ✓ **A represión en cifras:** 554 multas de até 150.000 pesetas (900 euros). En total: 33.060.000 pesetas. Piden para un gandeiro de Prevediños (Touro), Manuel Blanco Rendo, 3 anos de cadea e unha fianza de 450.000 pesetas. Forte campaña social para pedir a súa absolución e a retirada das multas. Finalmente, Manuel é condenado a 2 anos e 7 meses de prisión e a pagar multa e indemnización.
- ✓ **6 de abril:** No novo reparto de cota, a Galiza tócanlle só 23.941 toneladas. Manifestacións locais en vilas como A Estrada, Lugo ou Mesía contra as retencións pola supertaxa.

1999

- ✓ **27 de marzo:** manifestación en Compostela.
- ✓ Asígnánselle ao Estado Español 611.663 toneladas das que a Galiza lle tocarán só 207.000.
- ✓ **A reforma da PAC e da OCM do leite** aproba unha baixada nos prezos do 15% que se compensaría con primas ás cotas en 2005-2006 dunhas 4 pesetas por quilo. As industrias aproveitan para baixar os prezos.
- ✓ **Supertaxa da campaña 98/99:** 2.100 millóns de pesetas. Novas manifestacións comarcais contra a retención de pagos e o cobro da multa en vilas como Monforte, Vilalba ou Sarria.

2000

- ✓ **Prorrógase o sistema de cotas** por outros oito períodos consecutivos de 12 meses a partir do 1 de abril de 2000, até o 31 de marzo de 2008. Quedan 35.661 explotacións lácteas na Galiza, con 1.682.985 toneladas de cota e unha media de 47.194 de quilos por granxa.
- ✓ **A supertaxa da campaña 99/00** suporá para Galiza o pago de 2.300 millóns de pesetas, pero se lle engadimos os descontos de leite negro e comprimido poderían ascender a 6.000 millóns.
- ✓ **11 de xullo:** Unha delegación do SLG encabezada por Lidia Senra reunese co ministro de Agricultura, Miguel Arias Cañete. Pídeselle unha reforma profunda da OCM do leite, exención da supertaxa segundo o volume de cota por activo, reparto gratuito da cota da reserva, transparencia no mercado do leite e na formación de prezos e parar o mercado de cotas.
- ✓ **18 de agosto e 28 de outubro:** Concentración e manifestación, ambas en Compostela.

2001-02

- ✓ Estoupa a crise das **vacas tolas** e a cuestión das cotas lácteas pasa a un segundo plano.
- ✓ No debate que comeza a darse na UE sobre liberalizar ou regular o sector, o SLG defende

unha posición que leva anos mantendo: control da produción, redistribución de dereitos para facer rendibles as explotacións que seguen activas, protección dos mercados, potenciar un modelo de produción en base a terra, prezos que cubran os custos de produción ligados a un volume determinado de produción por activo.

2003

- ✓ **Reforma da PAC de Fischler.** Prorrógase o réxime de cotas lácteas até 31 de marzo de 2015.

2004-05

- ✓ Na campaña 2004/2005, tras fortes investimentos e endebedamento das nosas explotacións, Galiza supera por primeira vez os 2 millóns de quilos de cota. A cota media por explotación supera os 100.000 quilos; só quedan 19.030 granxas.

2005-06

- ✓ Última campaña con supertaxa

2008

- ✓ Quedan na Galiza 14.592 explotacións con 2.219.965 toneladas de cota e 152.136 quilos de media.
- ✓ **Chequeo médico da PAC:** confírmase a fin do sistema de cotas para o 31 de marzo de 2015. Para suavizar o proceso, establécense incrementos de cota do 1% por campaña durante cinco anos, e un aumento extraordinario do 2% na campaña 2008/2009.

2013

- ✓ Quedan na Galiza 11.662 explotacións con 2.359.749 toneladas de cota. 202.345 quilos de media por explotación.

2015

- ✓ Na última campaña con sistema de cotas, Galiza volve superar a asignada, polo que terá que volver pagar supertaxa. As 9.000 explotacións que ficaron tras un dos procesos de reconversión máis brutais da historia recente enfróntanse a unha das peores crises de prezos coa pantasma da sobreprodución ameazando. As promesas dun sector no que cadaquén podería producir o que lle petase sen cotas esvaécense ao non ter capacidade a obsoleta industria galega de procesar e comercializar o aumento de produción. Será a propia industria, de facto, a que impoña restricións produtivas baixo a ameaza de non recoller o leite producido por riba das antigas cotas, o cal supón unha privatización do control da produción sometida ao arbitrio das industrias. Incerteza. **SEGUE ▶**

Vídeos denuncia: Este contrato é un atraco

Ademais de todo o traballo desenvolvido coas outras organizacións agrarias, o SLG puxo en marcha unha campaña de denuncia nas redes sociais coa

gravación e publicación de vídeos nos que damos voz aos gandeiros e gandeiras que padecen directamente a crise. Eles e elas son testemuñas de que os

contratos son papel mollado que as industrias utilizan ao seu antollo e que os baixos prezos teñen miles de explotacións ao borde do precipicio.

O 2 de maio, con 6 vídeos publicados en dúas semanas, a campaña chegara xa a 25.321 persoas a través do Facebook do SLG. Podes seguila en:

<https://www.facebook.com/pages/Sindicato-Labrego-Galego/237745976376784> ou <https://vimeo.com/user39620763>



**Manuel
Ramos
Garea,**
Maceda
(Melide)

“A administración e as industrias repártense a culpa dos contratos, pero ao final somos nós quen temos que asumir os prezos baixos”



**Irene
Vázquez
Astray,**
Burres
(Arzúa)

“A este prezo é imposible aguantar. Levamos máis de seis meses cuns prezos moi baixos, e así vai seguir, pois non hai xeito de cambiar”



**Amadeo
Freire
Labandeira,**
Xemerás
(Vilasantar)

“Os contratos son unha ditadura, pois obríganos a asinar cos prezos que as industrias queren e nos impoñen”




**Santiago
Freire,**
Xemerás
(Vilasantar)

“Con estes prezos non temos futuro. Cada vez traballas máis para gañar menos. A alternativa será marchar do país ou buscar outro traballo”



**Eva
Rodríguez,**
Dordaño
(Cesuras)

“Asinar contratos aos prezos actuais durante doce meses condena a moitas explotacións pequenas como a miña ao peche”



**Mercedes
Ferreiro,**
Nete
(Vilalba)

“Con estes prezos vivimos ao día, pois só gañamos para cubrir custes. Imos renunciar ao contrato de un ano e asinaremos por catro meses”



**Manuel
Doporto
Regueira,**
Fondevila
(Rodeiro)

“Levamos cinco ou seis anos con contratos e nunca os negociamos. Os contratos por un ano a 24 ou 25 céntimos arruinarán a quen os asine”



**Rocío
Pena
Rivera,**
Miraz
(Xermade)

“Este ano podía incorporar o meu fillo maior, pero non o vou facer. Como imos ampliar ou investir na granxa con estes prezos?”



**Alberte
Lamazares
Casero,**
A Veiga
(Rodeiro)

“Producir por baixo dos 30 céntimos é como traballar por un salario de 200 euros, o que supón a escravitude para o sector lácteo”

FIN ■

ALIMENTOS LÁCTEOS ▶ No concurso de acredores desta cooperativa, só 23 granxas poden reclamar unha parte do leite que se lles debe que ascende a 43.853 euros

85 soci@s de La Arzuana poden perder o dereito a cobrar 700.000 € de entregas

Séntense estafad@s por unha xunta reitora que os convenceu de converter os cartos que lles debían en capital social da empresa

O Sindicato Labrego Galego celebrou, o 24 de abril, unha xuntanza con socios e socias da Cooperativa La Arzuana para informarlles da proposta de informe do administrador concursal no concurso de acredores que afecta á entidade. Nesta reunión, á que asistiron o coordinador comarcal do SLG, Xulio Fernández, e o avogado Ramón Barreiro, deuse a coñecer un feito gravísimo: as persoas socias de La Arzuana foron enganadas pola xunta reitora da entidade, de maneira que perderon boa parte dos dereitos de cobro que tiñan por leite entregado do que non chegaron a ingresar nin un céntimo.

En total, os socios e socias de La Arzuana reclaman 743.512 euros por entregas de leite sen cobrar da cooperativa. O problema é que a única débeda contraída que lles reconece a proposta de informe no concurso de acredores que se está a tramitar ascende a 43.853 euros.

✓ Vítimas dun engano

A orixe deste engano do que se senten vítimas os gandeiros e gandeiras remóntase a setembro de 2014, cando nunha asemblea de socios e socias celebrada para tratar as dificultades polas que atravesaba a empresa, a xunta reitora -encabezada polo seu presidente, Eugenio Montero, e os asesores que trouxo-, convenceron aos socios e socias de que a única vía para cobrar os cartos que se lles debía era que convertesen a



©Natalia Rodríguez Noguero

Socios e socias de La Arzuana antes de entrar nas instalacións da cooperativa para celebrar unha asemblea

súa débeda en capital social da cooperativa, algo semellante a mercar participacións da empresa para sanear a súa contabilidade e tentar reflotala. A xunta reitora convenceunos de que, se non obraban así, a cooperativa desaparecería e, con ela, toda posibilidade de cobro. O resultado disto é que tal acordo implica que non se lles reconece como crédito as facturas de leite dos meses de xullo, agosto e parte de setembro de 2014, é dicir, a maior parte da débeda da cooperativa coas explotacións socias produtoras.

Ao final, La Arzuana acabou crebando e os socios e socias que capitalizaron a súa débeda perderon o dereito a cobrar os case 700.000 euros capitalizados. En total, están afectadas 85 persoas físicas ou xurídicas socias. Delas, 62 capitalizaron o total do que se lles debía, que ascende a 562.490 euros; e as

23 restantes capitalizaron a maior parte da súa débeda, que ascende a 137.168. Son única-

mente estas 23 as que teñen dereito a cobrar os 43.853 euros. dos que falabamos ao comezo.

A Xunta e a Consellaría de Medio Rural son as responsables políticas

Dende o SLG, responsabilizamos tanto á Xunta Reitora da Cooperativa como á Consellaría de Medio Rural. A Xunta de Galicia e Medio Rural son culpables por acción, ao promover por motivos políticos a constitución de Alimentos Lácteos para xestionar a factoría de Leite Pascual en Outeiro de Rei, con cooperativas como La Arzuana, un negocio que remataría por arruinalas a todas; e tamén é culpable por omisión, pois a pesares de ser a ideóloga dunha cacicada que lle custou varios millóns de euros ao erario público, non fixo nada por paliar a situación terminal na que deixaron a un milleiro de explotacións lácteas e a varias cooperativas gandeiras. En canto á xunta reitora e ao seu presidente, Eugenio Montero, son culpables por enganar aos socios e socias por cuxos intereses debían velar.

Se a actual conselleira de Medio Rural, Rosa Quintana, ten a decencia que non tivo o seu predecesor no cargo, Samuel Juárez, debería emprender accións extraordinarias para solucionar a situación límite que están a sufrir as granxas socias de La Arzuana da que, como xa dixemos, son responsables tanto a Consellaría que ela dirixe como a xunta reitora da cooperativa.



CONGRESO DE HORTA, FROITA E FLOR DO SLG ▶ O vindeiro 31 de maio, o sector de horta, froita e flor do Sindicato Labrego Galego celebrará o seu congreso na Estrada para dialogar e debater sobre a situación actual neste tipo de producións, para decidir a axenda de traballo dos vindeiros catro anos e para elixir ás persoas que coordinaran a nova directiva sectorial. Previamente, houbo asembleas preparatorias en Ponteareas, O Rosal, Compostela, Betanzos, Lourenzá, A Estrada, Ourense, Ordes e Bergantiños. De seguido, adiantamos un resume do relatorio que se someterá a debate o 31 de maio.

31 de maio: Congreso de Horta, Froita e Flor do SLG

O texto que se debaterá no Congreso de Horta, Froita e Flor do SLG comeza explicando que “pouco ten mudado nos últimos anos”, xa que as políticas públicas de apoio á agricultura labrega seguen a ser inexistentes ao tempo que só se fomentan “grandes explotacións orientadas ao monocultivo e á exportación”.

Isto traducíuse, na Galiza, na perda de espazos de venda directa como mercados, prazas de

abastos ou feiras, un xeito de comercializar que está a sufrir unha lexislación cada vez máis restritiva que, por outra banda, si favorece a entrada de grandes cadeas de distribución que utilizan os alimentos labregos como reclamo publicitario a prezos que non cobren nin os custes de produción. Outro dos problemas denunciados é a perda do noso patrimonio natural, cultural e xenético; a homoxeneización dos alimentos nas superficies comer-

ciais; ou a eliminación dos labregos e labregas da cadea alimentaria para pasar a ser simples manipuladores e manipuladoras de alimentos.

Esta tendencia non é algo novo, senón que se vén desenvolvendo dende a entrada do Estado Español na Comunidade Económica Europea en 1986. Tendencia que convive cun sector hortofroiteiro que soubo resistir este tipo de agresións con hortas de autoconsumo e redes

de labregos e labregas que coidan a terra e a súa contorna con prácticas máis respectuosas cás do modelo intensivo e que, hoxe en día, está a ser un dos sectores agrarios máis atractivos para a xente moza que quere incorporarse á agricultura debido, en parte, a uns custes de investimento máis reducidos. De seguido, analizamos polo miúdo esta situación e expoñemos as propostas do Sindicato Labrego Galego para o sector. **SEGUE ▶**

Situación

Os sectores hortícola e froiteiro galegos levan anos padecendo unha grave crise caracterizada por unha situación continuada de baixos prezos que, en moitos casos, non chegan a cubrir os custes de produción. O asociacionismo non está desenvolvido e non existen estruturas comerciais fortes e dinámicas.

Aínda que existe unha demanda potencial importante de produtos galegos de calidade, tanto dentro como fóra de Galiza, non existe unha resposta organizada no sector produtor, sendo moi difícil vencer certas inercias de funcionamento.

Como alternativa, aparecen novos xeitos de produción e venda baseados no comercio responsable e na produción ecoloxicamente sostible; pero, tamén, é cada vez máis difícil a participación das pequenas granxas labregas nas grandes superficies comerciais.

Horta e Froita

✓ **Marxes abusivas** da distribución, de maneira que os prezos finais superan sempre o 100% o prezo percibido polos produtores e produtoras; nalgúns casos, como o da pataca, poden superar o 1.000%.

✓ Aumento crecente das **importacións** ao mercado galego, moitas veces de dubidosa calidade ao provir de países nos que non existen os mesmos controis sanitarios que na Unión Europea. En alimentos como a froita, a práctica totalidade da que se consume na Galiza é de fóra do noso país.

✓ O **modelo de produción intensivo** -dende o punto de vista económico, social e tecnolóxico- é maioritario no sector. A aposta por este modelo está a xerar graves problemas: dependencia económica da distribución, problemas de saúde e contaminación ambiental.

✓ A esta situación únese unha **dependencia tecnolóxica** cada vez maior (sementes, adubos, plantas, fitosanitarios...), afondando no modelo de integración das explotacións para poder producir nas condicións reclamadas polos “mercados” e reforzadas polas leis vixentes.

✓ En amplas bisbarras da Galiza, non hai posibilidade de mercar produtos labregos galegos nos **mercados**. Isto vén favorecido porque non existen leis que protexan nin potencien as hortalizas e froitas -sexan frescas, sexan transformadas- procedentes das granxas familiares, nin sequera para os mercados de proximidade. De feito, conséntase unha redución do número de produtores e produtoras que venden directamente alimentos nas feiras tradicionais, amais do seu evidente alentamento.

✓ Emerxe un mercado potencial de consumidores e consumidoras que procuran **alimentos locais frescos e de calidade**, co conseguinte aumento da venda directa e dos circuitos de consumo responsable.

✓ A case **inexistencia de empresas de sementes e de viveiros de horta e de froita**, crea unha dependencia obrigada e absoluta da tecnoloxía xenética de híbridos e transxénicos. Esta dependencia vai aparelada, habitualmente, á compra de paquetes tecnolóxicos completos para a produción.

✓ O **acervo xenético-cultural** de variedades e prácticas de cultivo está practicamente perdido a nivel comercial, sendo residual e mantido, fundamentalmente, nas pequenas explotacións de autoconsumo.

✓ Os **parámetros e os controis de residuos** en base á calidade e salubridade dos alimentos responden a criterios distintos dos que desexaríamos no sector produtor, xa que non garanten a nosa saúde como labregos e labregas nin protexen o medio ambiente.

✓ Grande confusión e descoñecemento na cidadanía do que é prexudicial para a súa **saúde** e o seu entorno. Vivimos unha realidade na que se nos achaca aos labregos e labregas, en moitas ocasións, a responsabilidade do emprego de agrotóxicos que entran na cadea alimentaria, cando quen promove o seu uso son os propios gobernos.

✓ A crise económica provocou unha redución da venda de **alimentos galegos nas grandes superficies comerciais** en beneficio de alimentos importados de lonxe que adoitan ser máis competitivos no prezo.

✓ Os **custes de transporte** deberían de favorecer o consumo local. Aínda que isto podería ser unha oportunidade para o sector hortofroiteiro galego no futuro, as cifras que manexamos actualmente indican o contrario.

✓ En canto ao **asesoramento** e a **formación** ás explotacións, tamén padecemos neste sector o enfraquecemento de todo servizo público non dependente de multinacionais. Neste senso, cómpre subliñar o desmantelamento das oficinas agrarias comarcais e dos centros de investigación.

✓ A **Xunta** de Galicia desapareceu como referente e non ten iniciado políticas de futuro no sector. Pola contra, moitas das leis que promove son unha ameaza para o sector.

✓ As **subvencións para asesoramento** dirixidas ao sector hortofroiteiro están cada vez máis condicionadas a que o persoal técnico contratado polos labregos e labregas traballen para a Administración.

✓ As **asociacións de defensa sanitaria (ADFs)** supuxeron un fracaso total, posto que se crearon moi poucas no país pola dificultade burocrática e financeira para a súa posta en marcha e sostemento.

✓ O **Contrato de Explotación Sustentable (CES)** non valeu para nada no sector de horta,

xa que os parámetros non están adaptados á realidade do que é unha explotación hortícola.

✓ Outro dos aspectos que caracterizan a situación do sector de horta, froita e flor é a falta de **ordenación territorial** que ocasiona dificultades insalváveis para o acceso á terra a un prezo razoábel para a práctica da agricultura.

Flor

En canto ao sector da flor, o escenario que atopamos vén caracterizado polos seguintes elementos:

✓ Redución dos **prezos** de venda.

✓ Aumento das **importacións** de produtos de terceiros países que empregan man de obra barata e sen dereitos laborais. Estas importacións non deben cumprir as mesmas esixencias e garantías en canto á aplicación de fitosanitarios e adubos a que están obrigados e obrigadas os produtores e produtoras da Unión Europea.

✓ **Dependencia total de tecnoloxía estranxeira** pertencente a poderosas multinacionais.

✓ Aplicación masiva de **agrotóxicos**, co conseguinte risco para a saúde das persoas que os aplican.

✓ Perda de confianza por parte dos produtores e das produtoras na **actividade cooperativa como vía de comercialización**.

✓ Estes factores unidos á falla de redes comerciais alternativas, pouco investimento en investigación e mercadotecnia, escaso desenvolvemento tecnolóxico propio, ou carencia dun produto con valor engadido e diferenciado, fan que aumenten os gastos de explotación, reducíndose as **marxes comerciais** até o límite de poñer en perigo a viabilidade de moitas explotacións.

SEGUIE ▶



Propostas

✓ **Soberanía Alimentaria:** só poderemos ter asegurados os nosos ingresos se controlamos os mercados dando prioridade á produción da Galiza fronte as importacións e invasión de produtos foráneos.

✓ Un dos grandes problemas na estabilidade das explotacións é a imprevisible **flutuación dos prezos**. Propoñemos a creación dunha mesa de prezos de produtos de horta e flor que fixe uns mínimos por debaixo dos cales haxa que intervir no mercado. Tamén propoñemos un mecanismo de apoio directo que poidan solicitar aquelas explotacións que presenten facturas de venda por debaixo dos mínimos de referencia.

✓ **Fomentar a organización:** as cooperativas deben servir de instrumento comercial, técnico e financeiro; amais de factor que dea estabilidade e de fomento da solidariedade entre produtores e produtoras. As cooperativas deben ter un funcionamento democrático baseado nas decisións dos seus asociados e asociadas.

✓ Demandar **políticas públicas de apoio e promoción do consumo de froitas e hortalizas** producidas no noso país en primeira instancia e, nomeadamente, na restauración colectiva dependente da Administración (colexios, hospitais, xeriátricos, etc..) e nos actos institucionais promovidos pola mesma, fomentando deste xeito a compra pública de alimentos labregos.

✓ Introducir o **consumo responsábel** nos contidos educativos dos colexios galegos.

✓ **Eliminar as prácticas fraudulentas** e enganosas da distribución na etiquetaxe de produtos hortofroiteiros non producidos na nosa terra, con implicación da administración pública no control.

✓ Investigación, control e publicidade por parte da administración das **marxes comerciais** existentes entre produción e consumo, establecendo medidas correctoras e/ou sancionadoras.

✓ Apoio desde as administracións, mesmo con axudas directas, á **redución de custes de produción e comercialización**, mellorando as infraestruturas comarcais (regadío, transportes, mercados...) e desenvolvendo políticas propias de abastecemento de insumos con recursos locais (materia orgánica, adubos, sementes, viveiros, tecnoloxía...) e recuperación e mellora de técnicas de traballo tradicional. Tamén demandamos que sexa subvencionable o material de segunda man.



As imaxes que ilustran este adianto de relatorio pertencen ao Congreso de Horta, Froita e Flor celebrado o 3 de abril de 2011 en Padrón

✓ Potenciación do **asesoramento público** como xeito imprescindible de incorporación de xente nova ao agro e mantemento deste asesoramento para as explotacións xa establecidas.

✓ Que nos **plans de incorporación e mellora** se substitúa o contrato en notaría, que supón uns custes adicionais importantes, por un modelo subscrito diante da administración autonómica. Os trámites para as licenzas de obra necesarias para estes plans de incorporación e mellora deben ser específicos para a actividade agraria, con custes reducidos.

✓ Modificación do **Contrato de Explotación Sustentable (CES)**, adaptándoo á realidade galega. Debería incluír unha axuda directa ligada á produción, cun máximo por persoa activa de 6.000 euros (contarían como activas as persoas cotitulares da explotación e cun máximo dun traballador ou unha traballadora por explotación).

✓ Promoción do emprego de **sementes** e material vexetal hortofroiteiro adaptado ás nosas condicións edafoclimáticas en variedades comerciais, dando prioridade ás variedades locais.

✓ Prohibición expresa do emprego e cultivo de **variedades manipuladas xeneticamente** no país.

✓ Apoio á **diversificación** das producións hortícola e, nomeadamente, da froiteira.

✓ Establecer medidas que permitan a **redución de sistemas de produción contaminantes**, fomentando prácticas agrarias sostíbeis, puxando pola eliminación de produtos químicos nocivos e fomentando prácticas que reduzan a dependencia do petróleo.

✓ **Control público e exhaustivo de residuos de agrotóxicos** nos mercados finais, elaborando a administración galega políticas propias de investigación e información sobre os límites máximos de residuos (LMR) permitidos e os produtos fitosanitarios autorizados.

✓ **Programas de seguimento na aplicación de pesticidas** para determinar os riscos reais aos que están sometidos e sometidas os labregos e as labregas, e ensaiar medidas correctoras en caso de que así sexa.

✓ Fomento de **medidas de apoio decidido ás canles de comercialización curtas** no noso país (mercados locais, prazas de abastos, pequeno comercio, restauración, hostalería e turismo, comedores colectivos e/ou públicos...) poñendo a

disposición dos produtores e produtoras espazos dignos para os mercados.

✓ Adaptación das **normas sanitarias**, hoxe validas só para a industria, dos produtos transformados nas nosas explotacións que fagan posible a súa comercialización.

✓ **Promoción entre a cidadanía**, facendo fincapé na educación dos mozos e mozas para que aprecien as vantaxes desta alimentación pola súa importancia para a saúde, o entorno e a economía local.

✓ Apoio con fondos públicos para o mantemento de **pequenas explotacións hortofroiteiras** no territorio pola súa importancia social, económica, medioambiental e cultural.

✓ **Revisión e adecuación de tódolos apoios e axudas**, apostando por criterios de sustentabilidade económica, social e ambiental.

✓ Aposta polo fortalecemento das **relacións** das produtoras e produtores coa cidadanía.

✓ Implicación da administración pública na recollida e xestión dos **residuos plásticos e fitosanitarios**.

✓ Desenvolvemento de políticas de ordenación do territorio para que exista **terra agrícola con prezo agrícola**. Divulgar e promover o Banco de Terras. Facer efectiva a prohibición legal de forestación de terras agrarias.

✓ Recuperación dos **centros de investigación agraria** para que, na práctica, sirvan para mellorar as técnicas produtivas das explotacións.

✓ Creación de liñas de **formación** para produtores e produtoras, orientadas cara a redución de custos.

HORTA ▶ Esta praga orixinaria de Sudamérica chegou a Galiza en 2009 e, o ano pasado, provocou perdas no cultivo do tomate entre o 50% e o 70%

Xornada técnica sobre a Tuta Absoluta da Dirección de Horta, Froita e Flor

O SLG dirixírase a Medio Rural para que poña os medios de cara a controlar e erradicar este insecto alóctono

Dende o ano 2010, a avelaíña do tomate (Tuta Absoluta) está a causar estragos no sector hortícola. Sen ir máis lonxe, as perdas estimadas no cultivo do tomate na Galiza no ano 2014 polos ataques deste insecto andan entre o 50% e o 70% segundo a comarca.

Diante disto, a Dirección de Horta, Froita e Flor do SLG decidiu organizar unha xornada técnica centrada nesta praga, que se celebrou o 27 de abril.

Nesta xornada, decidiuse tamén informar á Consellería de Medio Rural dos danos que está a sufrir o cultivo do tomate, para que fagan un maior control nos viveiros, posto que moitas plantas xa veñen con Tuta. Tamén se lle pedirá que creen axudas para mercar produtos de loita biolóxica de cara a erradicar esta praga.

De seguido, compartimos con vós a información técnica impartida na xornada.



Arriba, as diversas fases de evolución da Tuta: ovo, larva, individuo adulto e, finalmente, o estado dun tomate afectado pola praga. Abaixo, xuntanza técnica ao redor da avelaíña do tomate no local nacional do SLG



Xeneralidades

A avelaíña do tomate, ou Tuta Absoluta, é unha praga orixinaria de Sudamérica. Apareceu no Estado Español por primeira vez no Levante, no ano 2007. Na Galiza comezamos a sufrila no verán do 2009, sobre todo en zonas costeiras.

A Tuta é unha avelaíña duns 7 mm. e a súa actividade na idade adulta é máis intensa no amencer ou no solpor, ficando agachadas o resto do día.

✓ O ciclo biolóxico da Tuta Absoluta.

Ten unha alta taxa de reprodución. A femia pode chegar a pór máis de 240 ovos, cunha fertilidade próxima ao 100%, tendo entre 10 e 12 xeracións ao ano e unha lonxevidade entre 24 e 27 días.



Os ovos teñen un aspecto ovalado cun tamaño medio de 0.3 mm, cunha cor branca cremosa e mesmo amarelecida, e adoitan a ser depositados de forma individual e non en grupo.

A larva é a que produce o dano no cultivo. Pódese atopar en follas, talos e froitos, cun tamaño que vai dos 0.9 mm. a 7.5 mm. no seu último estadio. A larva é de cor verde ao principio, pero vai escurecendo até adoptar unha cor marrón escura.

✓ Danos e cultivos afectados.

Os danos prodúcense en follas, flores e froitos. O cultivo máis sensible é o tomate, pero tamén pode afectar berenxenas, patacas, cogombros doces e pementos.

Medidas culturais e de manexo do tomate

- ✓ Eliminar as partes da planta danadas pola Tuta.
- ✓ Eliminar os restos de colleitas de forma que non continúe o ciclo de larvas e crisálidas.
- ✓ Deixar que pasen polo menos 4 semanas entre dous cultivos sensibles á Tuta.
- ✓ Establecer rotacións de cultivo entre cultivos sensibles e non sensibles á Tuta.

Prevención e control

- ✓ **Trampas de auga:** 20 a 40 trampas / ha. Pódeselles engadir aceite e/ou feromonas.
- ✓ **Trampas tipo delta con feromonas.**
- ✓ ***Bacillus thuringiensis* (Bt):** inimigo natural da Tuta. Axuda a controlar os vermes.
- ✓ **Depredadores:** o *Macrolophus* e o *Nesidiocoris* son inimigos naturais da Tuta. Comen até 100 ovos ao día.
- ✓ **Xofre:** administrar a primeira ou última hora do día. Este tratamento de control é moi importante porque atrasa a posta de ovos.

Tratamento para as plantas afectadas

- ✓ **Extracto de allo + extracto de karanja:** Son repelentes naturais. Podemos repetir a aplicación cada 10 ou 14 días.
- ✓ **Xofre + Bt (*Bacillus thuringiensis*):** podemos utilizar esta materia activa nos primeiros estadios da larva e repetir cada 7 días.
- ✓ Como último recurso, cando a poboación de Tuta sexa elevada e o risco de danos importante, así como cando se xere resistencia, podemos aplicar a seguintes materias activas:

-**Spinosad:** aplicar 1 ou 2 semanas antes da solta de insectos auxiliares. Non se poden utilizar máis de 2 ou 3 tratamentos por período vexetativo, espaciados en 7-14 días.

-**Aceite de Neem puro:** aplicar na fase larvaria da Tuta. Todas estas materias activas son permitidas en agricultura ecolóxica.

PATACA ▶ Aínda que os prezos repuntaron lixeiramente en marzo, o meirande da pataca xa fora vendida a valores medios entre os 3 e os 7 céntimos por quilo

A Limia céntrase na sementeira para esquecer un dos peores anos no sector

O embargo ruso propiciou que Alemaña puxese os seus excedentes en Portugal e no Estado Español facendo dumping

Tal e como adiantabamos en pasados números do Fouce, a campaña de pataca deste ano na Limia caracterizouse por acadar unha excelente colleita, que chegou aos 120 millóns de quilos, e uns pésimos prezos, que andarón entre os 3 e os 7 céntimos por quilo. As patacas baixo contrato acadaron prezos medios superiores, entre 12 e 15 céntimos, pero aparte de cubrir só parte da colleita, dende o SLG xa temos denunciado que, coa es-

cusa da selección de calidades (proceso de destrío), os almacenistas rebaixan os prezos pactados ao seu antollo para que lles cadren as contas. Avanzada a campaña, fomos coñecendo máis detalles do porque destes valores de miseria.

Segundo explica un dos responsables do SLG na comarca da Limia, Anxo Pérez Rúa, diante do peche do mercado ruso, Alemaña colocou os seus excedentes de pataca en Portugal e no Estado Español a prezo de dumping, isto é, con valores por baixo dos custes de produción. Que as principais cadeas de distribución sexan de capital francés (Carrefour, Alcampo...) e alemán (Lidl), fai que estas

opten tamén polo produto foráneo, sempre máis barato; cousa que tamén fan empresas estatais como DIA ou Mercadona.

En marzo, o prezo da pataca experimentou unha leve melloría debido á perda de parte da colleita en Castela e León polo mildiu, ao aumento dos custes de almacenamento dos excedentes franceses que levan en naves frigoríficas alugadas dende outubro, e pola proximidade de Semana Santa, que aumentou a demanda. Sen embargo, tal e como nos explica Anxo, “na Limia non se notou melloría no prezo porque a pataca xa estaba vendida nesa época, que é cando se comeza a traballar na sementeira da seguinte campaña”.



Xosé Manuel
Gómez
Estévez,
Xinzo de
Limia

Xosé Manuel Gómez Estévez cultiva cereais e patacas en Xinzo. A pesares da boa colleita, “os prezos foron malos”. Aínda que Xosé Manuel conseguiu valores algo mellores que a media, “entre 9 e 15 céntimos”, quéixase de que unha boa parte das patacas que vendeu “nin sequera cubriu os custes de produción”. Este labrego limiao apunta ás importacións a baixo prezo de países como Marrocos ou Exipto “onde os custes de produción son moito máis baixos”. Aínda que prevé que o ano que vén será mellor, “seguirá sen ser un bo ano”. Respecto das posibles solucións a este problema endémico do sector pataqueiro, Xosé Manuel teno claro: “a única solución pasa por regularizar o prezo, regulalo de maneira que non teñamos anos coa pataca a 40 céntimos o quilo, e outros a 4. Precisamos uns prezos mínimos estables que nos permitán sacar ganancia para poder vivir. Eses prezos poderían estar entre 15 e 25 céntimos”.



Rosalía
Sánchez
Barrio,
A Abeleda
(Xunqueira
de Ambía)

A Rosalía, produtora de cereais e patacas na parroquia da Abeleda (Xunqueira de Ambía), acontecelle algo semellante a Xosé Manuel e ao resto do sector: “tivemos unha boa produción, pero en prezos non puido ser peor. Os cartos que nos pagaron non deron nin para cubrir custes e imos ter serios problemas financeiros para afrontar os gastos a vindeira campaña”.

Rosalía asinou contrato co almacenista e, en efecto, “o prezo respectárono”. O problema é que “tralo proceso de destrío, rebaixáronnos á metade o que tiñamos que ingresar. Por exemplo, se ti vendes un remolque con 5.000 quilos de pataca, os almacenistas seleccionan e acaban pagándoches só 2.000”. Din que a esperanza é o último que se debe perder, e Rosalía agarda “que a seguinte campaña sexa mellor, senón non sementaría”. Tal e como expuxo Xosé Manuel, para ela a solución tamén pasa por ter “un prezo estable”.

FAUNA SALVAXE ▶ Ángel Rivas leva perdidos dous xatos no que vai de ano

Novos ataques de lobos sobre as cabanas gandeiras de Maceda

Na noite do 31 de marzo ao 1 de abril, o lobo volveu facerlle unha nova desfeita a Ángel Rivas na súa cabana gandeira de vacas de raza Vienesas en Escuadro (Maceda). Desta vez, a vítima foi un becerro de 30 quilos acabado de nacer. Este é o segundo ataque que sofre no que vai de ano; se mira para máis atrás, Ángel perde a conta das reses que ten perdido por causa dos lobos.

Ángel comeza a estar farto. Sabe que as indemnizacións nunca cobren os danos que che causan os ataques e, ademais, traen canda si unha grande cantidade de papelame, trámites e molestias que tamén custan tempo e cartos. E iso se tes a sorte de que apareza o cadáver do animal atacado pois, en caso contrario, non hai indemnización. Así lle pasou a comezos de ano, cando lle desapareceu o becerro dunha vaca que acababa de parir. Este episodio viviuno Ángel varias veces, polo que moitos dos ataques que padeceu a súa cabana gandeira non puideron solicitar nin recibir indemnización ningunha.

Ángel quéixase de que nin a Consellaría de Medio Rural nin a de Medio Ambiente fan nada para tentar solucionar ou paliar este problema. “Hai medidas que poderían axudar como, por exemplo, que nos autorizasen a deixar no monte as reses que morren na explotación, como sempre se fixo, para que se alimenten delas os lobos e outros animais salvaxes. Sen embargo, estamos obrigados a subscribir un seguro e unha empresa encárgase de levar os animais mortos. Pódese dicir que a Xunta nos quita as reses mortas na explotación para que os lobos se alimenten das vivas”.

CUNICULTURA ▶ A súa primeira tarefa foi participar nunha xuntanza no Ministerio de Agricultura, o 16 de abril, para falar da legalización dos matadoiros de proximidade

COAG pon ao galego Luís Santaclara á fronte do sector cunícola no Estado

Desenvolverá o seu labor nun contexto de crise sistémica na que os prezos en orixe están lonxe de cubrir sequera os custes

Xosé Luís Santaclara leva tres décadas como produtor de coellos e rexenta dúas granxas n'A Estrada e Moaña. Ademais, é secretario da Cooperativa Cuni-galicia, con presenza na interprofesional do sector (Intercun) onde, a partir de agora, representará a COAG. Aínda que non estaba nos seus plans facerse cargo desta responsabilidade, vírono como a persoa idónea pola súa experiencia e tras ter habido problemas de representatividade cos anteriores responsables.

O 16 de abril, Santaclara xa representou a COAG na xuntanza sectorial mantida no Ministerio de Agricultura coa subdirectora xeral de Produtos Gandeiros, Josefa Lueso. Unha das cuestións tratadas foi a dos matadoiros de proximidade, que son departamentos na propia explotación para sacrificar e comercializar directamente parte da produción de cara a obter mellores rendas.

Santaclara recorda que, “en 2004, aprobouse unha lei na Unión Europea que permitía ás granxas avícolas e de lagomorfos sacrificar aos animais na propia granxa e vendelos directamente. Dende aquela, estamos a dar a batalla para que autoricen os matadoiros de proximidade no Estado Español”.

No caso de Galiza, sería importante que esta lexislación fose cara a adiante, pois “coa distribución de poboación que temos, sería máis doado que noutras comunidades do Estado comercializar directamen-



Xosé Luís Santaclara (esquerda) representou a COAG na xuntanza que o sector mantivo coa directora xeral de Produtos Gandeiros, Josefa Lueso, no Ministerio de Agricultura, para falar de cuestións como os matadoiros de proximidade



te en pequenos comercios da contorna. Iso contribuiría a reducir o poder que teñen os matadoiros tradicionais e nós teríamos máis control sobre o futuro das nosas explotacións”.

Xosé Luís Santaclara cualificou a xuntanza con Josefa Lueso de “positiva”, pois no Ministerio están de acordo en autorizar e regular os matadoiros de proximidade, cuestión da que só faltan “os detalles técnicos”.

✓ Crise de prezos

Coma outros sectores gandeiros, o cunícola está a sufrir unha forte crise debido aos baixos prezos. Para indagar as súas orixes temos que remontarnos un par de anos atrás, cando empresas chinas comezaron a mercar pel de coello, pagándoa a 2 euros a peza. “Como estes cartos foron un gran ingreso extra para os matadoiros co que non contaban”, lembra Santa-

clara”, iniciaron unha guerra comercial entre eles baixando os prezos e cedendo diante das grandes superficies comerciais, que se aproveitaron do enfrontamento, utilizando o coello como produto reclamo. O problema é que, agora, pola pel só pagan 25 céntimos, pero non recuperamos os prezos de antes”.

En cifras, “os custes de produción do coello vivo están entre 1'85 e 1'95 euros o quilo, e a cotización durante o mes de abril na Lonxa de Silleda andaba en 1'47 euros. Por parte da distribución, a finais de abril, Carrefour fixo ofertas de coellos cun prezo final de 2'45 euros o quilo en Portugal. Tamén o Grupo Hermi, matadoiro líder no Estado co 24% da produción cunícola, estaba a vender na mesma época carne de coello a 2'45 o quilo a comercios de Cataluña e Aragón. Se a estes prezos lle restas IVE, gastos de transporte e produción, etc, perdes cartos”. Por se non abondase, esta crise de prezos veuse agravada, nos últimos tempos, por unha caída no consumo de carne de coello.

A necesidade dun gran pacto do sector para enfrontarse ao poder da distribución

Para Xosé Luís Santaclara, o principal problema dos produtores e produtoras de coellos é a posición de dominio e abuso das multinacionais da distribución na cadea comercial: “gozan dun inmenso poder e son as amas do mercado, pois teñen a capacidade para dobregar a empresa máis dura cun único argumento: se non me vendes nas condicións que che esixo, mércolle a outro. Diante disto, cando tes que dar saída a calquera produto perecedoiro, non hai máis que falar”.

“As solucións xa non dependen nin dos matadoiros nin das granxas, nin eles nin nós sabemos como resolver esta situación. Trátase dun pro-

blema estrutural de tódolos sectores gandeiros”. E a axuda da administración non é moita, cando a Consellaría de Medio Rural non fai nada para solucionar o problema e a única política para co sector cunícola do Ministerio de Agricultura “límitase a buscar mercados exteriores”.

Para facer fronte a esta problemática “precisáramos un pacto común de tódalas organizacións profesionais posibles para obrigar ao Goberno a regular e controlar a enorme forza que teñen estas grandes cadeas multinacionais que dominan o mercado. O noso problema non son os matadoiros; o noso problema está máis arriba”.

VENDA DIRECTA ▶ Medio cento de labregos e labregas implícanse para impulsar ambas experiencias que teñen en común a súa aposta decidida pola agroecoloxía

Abren dous novos mercados de alimentos labregos en Pontevedra e n'A Coruña

Trátase de proxectos autoxestionados que contaron, dende o comezo, co apoio do Sindicato Labrego Galego

Dous novos mercados para que os labregos e labregas vendan directamente os alimentos que producen inauguraranse, previsiblemente, entre finais de maio e comezos de xuño. Un deles será no Burgo (Culleredo), no entorno metropolitano da cidade da Coruña; e o outro, en Pontevedra.

Para saber máis do primeiro falamos con Mauro Álvarez, horticultor ecolóxico de Carral que, xunto a outra trintena de agricultores e agricultoras, forma parte da Asociación Labrega Natura. Todos e todas teñen as súas leiras en concellos limítrofes coa capital herculina como Neda, Betanzos, Bergondo; e mesmo noutros algo máis afastados, como Malpica, Laracha ou Cesuras. Xa hai tempo que a idea de crear un mercado n'A Coruña lles roldaba pola cabeza, e foron moitas as xuntanzas nas que, paseniño, foron perfilando o que querían.

De primeiras, acordaron constituírse como unha asociación aberta, de tal maneira que calquera que queira formar parte de Labrega Natura e vender alimentos neste mercado podería facelo sempre e cando respecte unha premisa fundamental: a súa granxa debe rexerse polos principios da agroecoloxía. É dicir, os alimentos que vendan os labregos e labregas deberán ter sido producidos a través de métodos de cultivo ecolóxicos, aínda que non é necesario que estean certificados polo Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galiza (Craega).



Os mercados do Burgo e Pontevedra ampliarán a oferta que existe na Galiza para achegar alimentos labregos directamente a persoas que viven en entornos urbanos. Na imaxe, Mercado do Alimento Labrego de Teo na véspera do Nadal

“Ás pequenas explotacións saénos moi caro custear a certificación que nos proporciona o

Craega”, explica Mauro Álvarez, “polo que estamos traballando nun sistema de certificación par-

ticipativa no que tamén teñan implicación consumidores e consumidoras”.

Produtos que deben ser respectuosos co principio da soberanía alimentaria

Aínda que este sistema de certificación participativa está aínda por desenvolver, en principio contarán co asesoramento da cooperativa de consumo responsable Zocamiñoca. A idea inicial é facer un grupo cuxos membros vaian rotando para visitar as fincas. Estaría formado por dous labregos e labregas, e dous consumidores e consumidoras. A maiores, o concello de Culleredo, que é onde se vai celebrar o mercado, está interesado en incluír persoal técnico no grupo, “o cal é valorado positivamente polas persoas que promovemos o proxecto, pois dálle un aquel de oficialidade”.

En canto aos produtos a vender serán, fundamentalmente, de horta “cultivados na propia

granxa, agás coa excepción daqueles que non se dean con facilidade na Galiza, como aceites ou azucre”. En calquera caso, “o concepto clave que deben respectar os produtos que se vendan neste mercado é o de soberanía alimentaria”.

Se todo vai ben, dende a Asociación Labrega Natura agardan inaugurar o mercado a finais de maio ou comezos de xuño, aínda que non se pode asegurar pois están agardando a que o Concello de Culleredo aprobe unha ordenanza que o regule e “a cousa igual sofre algún atraso polas eleccións municipais”. Se non hai cambios de última hora, sería un mercado de periodicidade semanal que se celebraría os sábados pola mañá na praza de Galicia.

SEGUE ▶

O xerme do mercado de Pontevedra naceu do diálogo entre A Gradicela e os labregos e labregas

A idea de facer un mercado de venda directa en Pontevedra xurdiu do diálogo entre a asociación de consumo ecolóxico A Gradicela e os labregos e labregas que lles fornecen habitualmente de alimentos. Precisamente, A Gradicela é o único grupo de consumo nesta cidade que posibilita a comercialización de produtos ecolóxicos sen intermediarios.

Segundo nos contou un dos promotores da experiencia, Nacho Carballal, agora mesmo son unha quincena de labregos e labregas de concellos como Pontevedra, Soutomaior, Redondela, Vilaboa ou Cambados, quen están a levar o proxecto cara a adiante dende o sector produtor; aínda que tamén está interesada en unirse xente de comarcas máis afastadas, como Compostela que, na actualidade, xa están a participar en mercados semellantes como o Lusco e Fusco. Neste caso, ao igual que no mercado do Burgo, o meirande dos alimentos que se venderán serán de horta -tanto frescos como elaborados- aínda que tamén haberá produtos artesanais como xabóns e produtos de cosmética natural; e serán alimentos ecolóxicos aos que non se lles esixirá o selo do Craega. Aínda que o teñen sen desenvolver, van crear un sistema de certificación participativa no que o control estaría xestionado por labregos e labregas, consumidores e consumidoras, e axentes sociais da cidade, todos e todas integrados na Asociación Catro Pólas.

Trátase dunha experiencia autoxestionada que, puntualmente, recibirá o apoio do Concello de Pontevedra para mercar a infraestrutura necesaria para o desenvolvemento do mercado tal como as carpas.

Se todo vai ao ritmo previsto, este novo mercado de alimentos ecolóxicos de Pontevedra inaugurarase na primeira fin de semana de xuño e a intención é que sexa de periodicidade quincenal. Aínda que, ao principio, se quería facer na praza Méndez Núñez, estase barallando outra localización máis ampla para poder acoller tódolos postos interesados en participar, que aumentaron nos últimos tempos.

FIN ■

APICULTURA ▶ Organiza un ciclo de conferencias en concellos de varias comarcas afectadas como A Mariña, Baixo Miño ou A Coruña

Campaña “Stop Vespa Velutina” da Asociación Galega de Apicultura

A delegación de AGA en Ortegal organizará unha xornada nacional para pechar estas actividades formativas

A Asociación Galega de Apicultura comezou, co arranque da primavera, unha campaña que, baixo o nome “Stop Vespa Velutina”, pretende informar e concienciar a institucións e á cidadanía en xeral da necesidade de manter controlada a poboación deste insecto foráneo que está a ser letal para as nosas colmeas e moi perigoso para as persoas. Dende AGA afirman que “a invasión da Vespa Velutina pode derivar nunha redución da biodiversidade e causar serios prexuízos econó-

micos para os sectores apícola e froiteiro, creando ademais riscos de picaduras en traballos forestais e inseguridade cidadá”.

Neste contexto, a Asociación Galega de Apicultura vén organizando conferencias dende o mes de febreiro nas zonas máis afectadas por esta praga, nomeadamente na Mariña (O Vicedo, Mondoñedo e Ourense), no entorno da Coruña (Culleredo) e no Baixo Miño (Gondomar, Tomiño e Vigo); está prevista unha charla en San Sadurn de Noya o 22 de maio e a delegación de AGA en Ortegal organizará unha xornada especial ao remate do ciclo en Ortigueira.

Trátase de palestras de acceso libre nas que persoas expertas falan da vida e com-

portamento da velutina, de por que é unha ameaza, dos colectivos afectados pola súa proliferación e de como comportarse diante da súa presenza. En canto a vixilancia e control, nestas charlas tamén ensinan a elaborar trampas, cunha demostración práctica, e a eliminar niños no verán e no outono, así como recomendacións sobre a quen avisar para facer estes labores.

Se estás interesado ou interesada en ter máis información sobre a avés velutina, denunciar a presenza de niños na túa zona ou recibir asesoramento para eliminar colonias, podes poñerte en contacto con AGA chamando ao 981 508 142 ou no enderezo electrónico info@apiculturagalega.es

Trampa para avespas en 4 pasos



Para completar a trampa, é necesario incorporar un líquido atraente para as avespas, como bebidas con azucre ou zumes. Tamén se aconsella facer un par de buratiños para que poidan liscar insectos atrapados máis pequenos que a Velutina, como as abellas



ELECCIÓN MUNICIPALIS ▶ Un estudo da Fundación Emaus analiza experiencias reais en Euskadi para apoiar a produción de alimentos dende as administracións locais

Os concellos tamén poden ter políticas para promover a soberanía alimentaria

Axudas directas, compra pública de alimentos ou normas que protexan a terra agraria son algunhas das vías para facelo

O vindeiro 24 de maio, celebraranse eleccións municipais en tódolos concellos do Estado.

Aínda que moitas veces se nos pon como excusa que as administracións locais non teñen capacidade para impulsar políticas agrarias propias, dende o Sindicato Labrego Galego non estamos de acordo. A experiencia de concellos que están a desenvolver con éxito programas que favorecen a súa soberanía

alimentaria demostran xusto o contrario.

Neste Fouce, recuperamos un texto escrito por Assumpta Ayerdi y Marc Badal e publicado no número 19 da revista Soberanía Alimentaria en base a un estudo da Fundación Social Emaus titulado “*Soberanía Alimentaria, Comercio Xusto e Ad-*

ministracións Públicas Locais. Un espazo para a construción de alternativas”. Nesta investigación, analízanse doce experiencias desenvolvidas en concellos vascos para apoiar a produción local de alimentos das que o autor e a autora extraen seis xeitos para desenvolver este tipo de experiencias.

___Seis camiños para un mesmo destino___

1. Pequenas axudas á produción local: Algúns exemplos destas medidas poderían ser a exención do pago de taxas (auga, venda ambulante,...), a visibilización diferenciada dos postos de produtos locais nos mercados municipais, a asesoría e o apoio xurídico ás pequenas explotacións familiares, a cesión de espazos ou infraestruturas municipais de forma gratuíta, etc.

2. Compra pública alimentaria de proximidade: As administracións públicas son un gran consumidor de produtos alimentarios. Entre as súas competencias atópanse a xestión de escolas, centros de día ou residencias, nas que persoas traballadoras e usuarias realizan algunha das comidas diarias no centro público. Algunhas das melloras concretas a introducir na normativa existente pasarían por:

- a) Adecuar á produción labrega os volumes de contratación, as condicións sanitarias dos produtos e as cociñas, etc.
- b) Introducir criterios sociais, éticos e medioambientais nos pregos de contratación.
- c) Fomentar a autoxestión nos comedores colectivos. Para lograr introducir alimentos locais nos comedores públicos é imprescindible realizar un labor de formación, acompañamento e seguimento ao longo de todo o proceso.

3. Promoción e visibilización de produtos locais: O labor que pode realizar unha administración local a este respecto consiste en axudar a consolidar ou crear circuitos curtos de comercialización como estratexia



En vésperas das eleccións municipais, estanse a realizar numerosos actos para que os partidos políticos introduzan a agricultura e o medio rural nos seus programas. Na imaxe, Isabel Vilalba intervindo na xornada “Do campo ás urnas”, organizada en Madrid, o pasado 15 de marzo, por Amigos da Terra, Veterinarios sen Fronteiras, Plataforma Rural e COAG

de distribución de produtos agrarios. Esta promoción inclúe tamén accións que perseguen a visibilización: dar a coñecer determinados produtos emblemáticos da cultura gastronómica local, poñer énfase nas explotacións familiares que comercializan a través de distintas canles curtas na propia localidade ou sensibilizar sobre as vantaxes económicas, sociais e ecolóxicas do consumo de produtos locais.

4. Dinamización do sector primario: Os concellos teñen a capacidade de incidir sobre o estado en que se atopa o sector primario da súa localidade. Existen algúns casos, especialmente en zonas rurais, nos que desde o goberno municipal emprenderon proxectos de dinamización do sector co obxectivo de fomentar unha transición cara

a novos modelos de produción e distribución. Este tipo de proxectos inclúen varias liñas de actuación que se cruzan e enriquecen mutuamente: asesoría técnica integral (agronómica, económica, comercial,...), investigación e extensión agraria, creación de estruturas cooperativas, promoción e diversificación das canles de distribución, etc.

5. Acceso á terra: Poderían distinguirse dous tipos de iniciativas: as agroaldeas e as hortas municipais para autoconsumo. No primeiro caso, o obxectivo é poñer terras a disposición de persoas ou colectivos que inician unha actividade agraria de xeito profesional. Trátase, polo tanto, de superficies relativamente grandes que deben estar dotadas dunha serie de infraestruturas que permitan o desenvolvemento da actividade cun mínimo de condicións (acceso, auga, espazos de almacenamento, etc.).

6. Plans para a conservación de espazos agrarios en zonas periurbanas: Unha das políticas máis importantes nun concello é a planificación urbanística, posuíndo suficiente marxe de actuación para incidir na ordenación dos usos do solo no seu término municipal. Desde hai anos, algunhas administracións locais crearon plans de protección da terra agraria. Trátase de proxectos emprendidos, xeralmente, por mancomunidades de municipios que acordan un plan estratéxico para conservar o solo agrario, manter as actividades agrícolas e gandeiras e, nalgúns casos, fomentar os circuitos curtos de comercialización.

RECORTES EN SANIDADE ▶ O centro de saúde da vila chairega botou varios meses sen médica por unha baixa

1.500 sinaturas reclaman uns servizos sanitarios dignos en Muimenta

A entrega fíxose no rexistro da Xunta en Lugo o 20 de abril tras unha campaña na que tamén colaborou o SLG

O 20 de abril, representantes de varios colectivos da Terra Chá presentaron no rexistro xeral da Xunta en Lugo 1.500 sinaturas pedindo que se mantenga operativo ao 100% o centro médico de Muimenta con 1 médico ou médica e 1 ATS no horario de atención habitual dos últimos anos. A maiores, as persoas que asinaron denunciaban a redución do horario de atención neste centro de saúde.

O centro médico de Muimenta estivo varios meses ino-

perativo pola baixa da súa médica titular sen que o Sergas lle asignase unha persoa para substituíla. Aínda que a doutora de Muimenta vén de incorporarse á súa praza, dende os colectivos que estamos a desenvolver esta campaña pediuse, coa presentación das sinaturas, que esta situación non se volva repetir e que as baixas laborais da médica, sexan por enfermidade sexan por descanso ou vacacións, se cubran, de aquí en diante, de maneira efectiva e sen privar á poboación de Muimenta e das localidades veciñas do seu dereito a unha atención sanitaria digna.

Entre as persoas que presentaron as sinaturas, atopábase a nosa compañeira Margarida



Margarida Prieto Ledo, primeira pola esquerda, foi unha das representantes de colectivos sociais que fixo entrega das sinaturas no rexistro da Xunta en Lugo

Prieto Ledo, na esquerda da imaxe, coordinadora do Sindicato Labrego na Terra Chá. Os outros colectivos que apoian a campaña son: Asoaciación Cultural e Veciñal Aquilino Iglesia Alvariño; Asociación de Comerciantes, Empresarios, Profesio-

nais, Gandeiros e Autónomos de Muimenta; Asociación Cultural, Veciñal e Deportiva dos Xogos Tradicionais de Muimenta (XO-TRAMU); Carabullo, Asociación Cultural e Xuvenil de Muimenta; Club de Tenis de Muimenta; e S.D. Muimenta.

Os recortes matan: Lugo á cabeza en mortes por infarto na Galiza, duplica a media estatal

A cidadanía de Lugo e, sobre todo, do medio rural da provincia, leva anos reclamando que o novísimo Hospital Universitario Lucus Augusti (HULA) sexa dotado cunha unidade de hemodinámica, indispensable para atender infartos e doenzas cardíacas. En concreto, esta demanda data dende que o presidente da Xunta, Alberte Núñez Feijóo, prometera o servizo xunto a outros, como radioterapia, na inauguración do centro hospitalario en febreiro de 2011.

A pesares da indignación e das protestas dos e das lucenses, o único que se conseguiu nestes catro anos foi que se preste o servizo de hemodinámica en horario de oficina, de 8 a 3. Fóra dese horario, convén non ter un infarto na provincia de Lugo (ver Fouce 305,



A pesares das numerosas protestas cidadás, o HULA segue sen prestar servizos esenciais como radioterapia, medicina nuclear ou hemodinámica as 24 horas.

pág. 14). Por desgraza, os datos publicados polo Instituto Nacional de Estatística veñen avala as críticas de colectivos coma o Sindicato Labrego Galego: a taxa de mortalidade

por infarto de miocardio de Lugo duplica á media estatal. En concreto, e con datos correspondentes ao ano 2013, en Lugo hai 76 mortes por cada 100.000 habitantes por infarto, fronte ás 46 da media galega e as 35 da media estatal.

O xefe do servizo de cardioloxía do HULA, Carlos González Juanatey, afirmou que a apertura da unidade de hemodinámica as 24 horas tería un indubidable impacto nas taxas de mortalidade xa que, nas condicións actuais, só un terzo das persoas que sofren un infarto en Lugo poden ser atendidas a

tempo. A única resposta da Xunta, até o de agora, foi ocultar as cifras sobre falecementos por infarto a pesares de que se lle teñen reclamado en numerosas ocasións.

ASEMBLEA XERAL DA ECVC ▶ Do 3 ao 5 de marzo, a Coordinadora Europea da Vía Campesina celebrou a súa asemblea xeral en Bruxelas, máis a da Mocidade e a das Mulleres. Isabel Vilalba -que asistiu á cita xunto a Daniel Rodicio e Conchi Mogo- escribiu un artigo para a revista Etxalde rememorando estes tres días nos que se compartiron “informacións, soños e ideas, e a firme determinación de conectar loitas e resistencias”

Asemblea da ECVC en Bélxica: semente de futuro

Chegaron ao Centro Waterman de Bruxelas co desexo de compartir informacións, soños e ideas, e a firme determinación de conectar loitas e resistencias. Desde o norte e desde o sur, o leste e o oeste, en diferentes linguas, pero co compromiso común de participar no proceso de **mozos e mozas** da Coordinadora Europea Vía Campesina (ECVC), mellorar a comunicación, facilitar espazos de intercambio sobre temas como a terra e a substitución xeracional, e articular accións de loita contra o TTIP ou as falsas solucións da chamada “agricultura intelixente”, coincidindo coa XXI Conferencia das Partes (COP21) da Convención Marco das Nacións Unidas sobre o Cambio Climático, que terá lugar en París.

Cun tempo escaso e moita ilusión, comezaba a **assemblea de mulleres da ECVC**, recordando os acordos tomados en novembro en Porto, durante o Encontro da Articulación Internacional de Mulleres da Vía Campesina: a necesidade de afianzar espazos propios nas distintas organizacións e nas asembleas, a organización das mulleres na ECVC, a participación, a formación, a loita contra o patriarcado e a violencia, contra o feminicidio...

As compañeiras máis novas achegaron moita forza e novas inquietudes, como a proposta de iniciar unha reflexión profunda sobre a construción das diferentes identidades de xénero e os límites dun binarismo asentado en estereotipos discriminatorios e excluíntes.

Cultivamos sementes de cambio para que naza outro mundo e para iso temos unha **axenda** moi ambiciosa (campesiñado, clima, sociedade, terra, reforma agraria, feminismo, biodiversidade...),



pero tamén numerosos retos no horizonte: a necesidade de que as xeracións máis novas e a cidadanía en xeral se apropien das políticas públicas, como a PAC, e do sistema agroalimentario; o incremento da participación do campesiñado, en particular dos países do leste de Europa; as alianzas; a sustentabilidade económica; o aumento da correlación de forzas para conseguir que propostas como a soberanía alimentaria, a agroecoloxía ou o incremento do número de persoas campesiñas pasen de gozar da simpatía social a converterse nunha realidade. A nosa identidade labrega e a certeza de que a Coordinadora Europea Vía Campesina é unha organización indispensable en Europa son os nosos valores.

No plan de traballo anual destacan algunhas prioridades co-

mo a agroecoloxía, as sementes, a Declaración de Dereitos Labregos, os dereitos das persoas traballadoras agrícolas e migrantes, a política agraria que necesitamos ou a defensa do modelo labrego de produción, a campaña contra os acordos bilaterais de comercio e investimentos como o TTIP con EEUU ou o CETA con Canadá, e contra o acaparamento de terras.

Un tema central para o 2015 é, sen dúbida, a loita contra o cambio climático, con propostas de mobilizacións, como a celebración dun Cume dos Pobos paralela á a conferencia oficial de París, e tamén descentralizadas, que desenmascaren as falsas solucións como os transxénicos, os fertilizantes e agrotóxicos de última xeración, o fracking, ou outras feitas a medida dos grandes intereses xeopolíticos, desde a

lóxica do crecemento e da acumulación de capital. Tanto na asemblea como na conferencia posterior, na que participou Andreas Gumbert, en representación da Comisión Europea, ou a eurodeputada Lidia Senra (GUE/NGL) e os eurodeputados José Bové (Os Verdes) e Eric Adrieu (S&D), entre outras persoas, os e as representantes da ECVC visibilizaron verdadeiras experiencias e propostas labregas contra o cambio climático: a resiliencia e adaptación das nosas sementes, as evolucións técnicas en agroecoloxía, a produción de enerxía nas granxas ou as vantaxes da economía local. Recollendo as palabras do compañeiro Unai Aranguren: “Temos que cambiar o sistema, non o clima”. O modelo labrego de produción de alimentos si arrefría o planeta. **SEGUE ▶**

Cambio climático: as voces labregas

O pasado 4 de marzo, no marco da asemblea xeral da Coordinadora Europea da Vía Campesina (ECVC), medio cento de labregos e labregas, eurodeputados e eurodeputadas e representantes da CE, déronse cita tamén en Bruxelas para participar na conferencia "Cambio climático: as voces labregas".

O acto foi organizado pola ECVC que, neste ano 2015, ten intención de centrar parte dos seus esforzos na denuncia das "falsas solucións para o cambio climático que representan a agricultura intelixente e a economía verde", propoñendo como solución á crise climática a agroecoloxía e o labor dos labregos e das labregas.

As diversas intervencións na conferencia puxeron en evidencia as contradicións entre os acordos mundiais que pretenden loitar contra o cambio climático e as políticas de librecambio, que descansan sobre a destrución dos medios de intervención públicos en materia de mercados e de produción.

As solucións para o cambio climático frecuentemente propostas a nivel internacional



forman, en realidade, parte do problema. Así, os países industrializados acaparan as terras e recursos naturais de países do sur co fin de responder ás necesidades en créditos carbono que implican a silvicultura intensiva e as plantacións destinadas á produción de agrocarburos. Estes procedementos destrúen ecosistemas e obrigan ás comunidades rurais e indíxenas a abandonar as súas terras.

Tamén a agricultura "intelixente fronte ao clima" proposta polo capitalismo chamado verde, co seu novo abano de produtos provenientes das tecnoloxías agrícolas (OXMs, abonos, pesticidas), constitúe unha falsa solución e só agudiza o quecemento climático pola industrialización do modelo de produción.

Para Andrea Ferrante, un labrego de Italia: "Nós, os labregos e as labregas, temos as solucións. As políticas actuais condúcennos cara a unha dirección incorrecta. Somos os labregos e as labregas quen, grazas á agroecoloxía, constituímos a solución para a crise climática. Nós podemos alimentar ao planeta e arrefriar a súa temperatura." En resume, nesta conferencia a ECVC reafirmouse na necesidade dun sistema alternativo que se apoie sobre a pequena agricultura e a agroecoloxía, un modelo que non dependa dos carburantes fósiles e que sexa quen de arrefriar o planeta. Somos nós quen debemos cambiar o sistema e loitar para que non sexa o sistema quen cambie o clima.

FIN ■

365
días de
Tranquilidade

O Seguro do Campo é a nosa vida, dende hai case 30 anos. A Nosa experiencia, ao teu carón, convértenos no **grande especialista en Seguros Agropecuarios** deste país e permítenos ofrecerche o mellor asesoramento e condicións para a escolla do teu Seguro.

En **AGROMUTUA** queremos premiar a túa confianza no sorteo, entre tódolos asegurados, de

12 PÓLIZAS TOTALMENTE GRATIS, unha cada mes, cun custe de póliza máximo de até 6.000 € cada unha.

Para que disfrutes os 365 días de Tranquilidade, GRATIS!

Consigue a túa Póliza Gratis!

Bases da Promoción en www.agromutua.es/promo

☎ 902 50 44 43 ➡ www.agromutua.es

AGROMUTUA
O Noso Seguro en Tódolos Campos



TRANSXÉNICOS ▶ A directiva que regula dende o 2 e abril os Organismos Xeneticamente Manipulados (OXMs) na UE dá liberdade de elección a cada un dos 28 países membros

Bruxelas ceiba o Estado Español para ser o sumidoiro transxénico de Europa

A aposta decidida de PP e PSOE polo millo MON 810 demostra a vocación do Ministerio de Agricultura por estes perigosos cultivos

O pasado 13 de marzo, publicábase a directiva europea que permite aos estados membros restrinxir ou prohibir o cultivo de organismos xeneticamente manipulados (OXMs) no seu territorio. En vigor dende o 2 de abril, trátase dunha boa nova para os países comunitarios que manteñen prohibicións parciais ou totais sobre os transxénicos: Francia, Alemaña, Austria, Luxemburgo, Bulgaria, Greza, Gran Bretaña, Irlanda, Hungría e Polonia. Porén, é unha mala nova para os estados que si apostan polos cultivos transxénicos, nomeadamente o Español, pois a directiva autorízalles a utilizalos libremente.

Cómpre lembrar que o Estado Español, con independencia do partido gobernante, sempre apostou fortemente polos transxénicos, sendo dende hai anos o primeiro usuario de organismos manipulados en agricultura na Unión Europea, mesmo cando existía unha moratoria na que, dende Bruxelas, non se autorizaban OXMs aplicando o principio de precaución.

Así, coa nova directiva, é cada estado o que decide se cultiva transxénicos ou non, e terán este poder de decisión malia que as industrias do sector sexan as encargadas de facer unha primeira valoración sobre a autorización. Esa liberdade permitiralle aos estados, por unha banda, prohibir grupos de cultivos transxénicos por variedades ou tipoloxías; e, por outra, levantar prohibicións sen previo aviso ou autorizar os cultivos que desexen.



Dende Galiza, xa foron numerosos colectivos e institucións as que temos expresado o noso rexeitamento aos transxénicos. Na imaxe, participantes galegos e galegas nunha manifestación contra os OXMs celebrada en Madrid o 17 de abril de 2010

Mesmo as prohibicións estatais poderían ficar anuladas se o TTIP vai cara a adiante

Cos antecedentes que temos, sabemos que, a partir de agora, o Ministerio de Agricultura terá vía libre para abrir completamente as cancelas á entrada masiva de transxénicos no Estado Español. O peor de todo é que a directiva europea non contempla ningunha medida de protección para evitar a contaminación transxénica nos cultivos convencionais e ecolóxicos, algo especialmente grave nestes últimos, pois a presenza de OXMs podería custarlle a certificación ás granxas bio. A única medida desta caste na directiva contempla “prestar especial atención á contaminación transfronteiriza” cando un país onde estean autorizados os OXMs comparta lindeiros con outro onde estean prohibidos.

Agora mesmo, no Estado Español estanse a cultivar unhas 70.000 hectáreas de millo MON-810 (136.000 segundo as estatísticas infladas do Ministerio de Agricultura). Calquera destas estima-

cións sitúa a España moi por diante dos outros tres países comunitarios que tamén apostan polos OXMs: Portugal (en segunda posición con ás penas 1.000 hectáreas), República Checa e Eslovaquia. Aínda que agora mesmo só está autorizado este millo manipulado na UE, coa nova directiva vanse axilizar os trámites de autorización e poderán aprobarse máis variedades.

Outra ameaza que aboia para os nosos sectores agrarios é que se, finalmente, vai para adiante o Tratado de Libre Comercio cos Estados Unidos (TTIP), transnacionais estadounidenses da manipulación xenética como Monsanto ou Pioneer poderían denunciar os estados que aposten pola prohibición de OXMs no seu territorio por poñer atrancos á libre circulación de mercadorías ou por facer minguar o negocio, podendo esixir indemnizacións millonarias, polo que nin os países libres de transxénicos estarían protexidos. **SEGUE ▶**



por Miguel Méndez,
responsábel da Dirección de Horta,
Froita e Flor do Sindicato Labrego Galego

En perigo a nosa saúde, as nosas sementes e os nosos alimentos de calidade diferenciada

A nova directiva sobre transxénicos da Comisión Europea deixa en mans dos estados a decisión de prohibir ou non os OXMs. No Estado Español saímos moi danados porque sempre se apostou pola implantación dos transxénicos, unha opción favorecida pola carencia dunha opinión pública concienciada para enfrontarse a este problema. Con estes vimbios, o Estado Español pódese converter no coadoiro dos transxénicos de Europa.

No sector de horta, froita e flor, temos o perigo directo de sufrir contaminación non desexada. A directiva non prevé protexer as variedades locais e tradicionais, moi abundosas no noso país, tanto na horta como na froita. Polo tanto, si o Estado Español autoriza os OXMs nalgún produto, imos ter moi difícil que non nos contaminen as nosas propias variedades, verdadeiramente adaptadas. Isto suporía a perda de biodiversidade, por unha banda; e maiores custes, por outra, porque, a medio e longo prazo, cos nosos produtos propios contaminados, dependeremos das variedades que nos vendan os laboratorios que se dedican a crear e patentar transxénicos e híbridos.

Todo o devandito suporía a perda da nosa soberanía alimentaria ao deixar unha peza clave da produción de alimentos, como son as sementes, nas mans das empresas biotecnolóxicas, xa que dependeríamos delas para poder producir. Ademais das sementes, venderíannos o resto do paquete que levan asociado, como adubos e tratamentos. Nese horizonte, os labregos e labregas de Galiza seríamos dependentes e non poderíamos tomar decisións sobre que modelo de produción elixir.

En canto ao consumo, encamiñámonos cara á estandarización da produción. Tódolos alimentos serán iguais. Se implantan os

transxénicos nos nosos campos, e se estes contaminan as nosas leiras e os alimentos que producimos, establecerase socialmente a sensación de que todo é igual, co que ir aos mercados locais na procura de calidade vai perder argumentos. A implantación dos transxénicos abriría aínda máis a porta para consumir produtos en grandes áreas comerciais, veñan de onde veñan; ou o que é o

mesmo, máis perda de soberanía alimentaria e de produción de calidade.

As variedade das denominacións de orixe e dos produtos ecolóxicos tamén pode verse afectada pola contaminación non desexada, co que corremos o perigo de perder tamén estas opcións como produtores e produtoras de hortalizas e froitas. A nova directiva

non establece distancias para protexer producións destas características, polo que calquera podería plantar transxénicos en fincas veciñas ás nosas, por moito que teñamos rexistradas variedades como, por exemplo, Grelo de Galicia.

Cómpre lembrar que moitas variedades transxénicas están deseñadas para poder aplicarlles herbicidas sen problema, é dicir, creadas para tolerar grandes cantidades de agrotóxicos. E ben sabemos, á luz das últimas informacións publicadas, os problemas graves de saúde nas persoas e na fauna que causan os herbicidas. Autorizar este tipo de cultivos, deseñados para soportar o impacto masivo de agrotóxicos, someterá-nos ás persoas labregas a un verdadeiro perigo no noso traballo diario.

En definitiva, esta nova directiva abre as portas dos estados europeos aos transxénicos, o cal supón un desastre medioambiental, un perigo para saúde e un ataque ás pequenas fincas e á soberanía alimentaria, ademais dunha ameaza real para as producións con selo de calidade.

FIN ■


REPRESIÓN ▶ Ameazas e agresións contra líderes labregos en América

Recompensa de 3.000 euros por un Sem Terra “vivo ou morto”

Os compañeiros e compañeiras do Movemento dos Traballadores Rurais Sem Terra do Brasil (MST) seguen a sumar novas agresións no historial de represión que -tanto poderes públicos como policía e terratenentes- exercen contra eles. O 13 de marzo, por exemplo, un sicario disparou varias veces contra Gene Santos, asesor de comunicación do MST. Ademais, un dos principais líderes deste movemento e da Vía Campesina, João Pedro Stedile, sufriu unha ameaza consistente na publicación dunha oferta en Internet na que se ofrecían 10.000 reais (3.131 euros) por “Stedile vivo ou morto”.

Sen saírmos de América Latina, o dirixente do Comité de Unidade Campesina de Guatemala (CUC), Daniel Pascual, enfróntase a unha acusación de terrorismo, instigación a delinquir, coacción e delitos contra a Constitución en base a unha demanda do partido ultradereitista Liga Prol Patria. Cómpre lembrar que, antes desta campaña contra Pascual, o líder labrego guatemalteco foi agredido o 24 de xaneiro nun contexto represivo contra a loita campesina no que se ten declarado o estado de sitio nas comunidades rurais de San Juan Sacatepéquez, coa militarización da zona, o arresto indiscriminado de labregos e a condena de catro deles a 40 anos de prisión.

Dende a Vía Campesina, condenáronse “firmemente estas agresións e ameazas contra os nosos compañeiros e representantes, á vez que esiximos que os culpables sexan xulgados. Protestamos contra todo intento de criminalizar as loitas labregas. Rexeitamos os actos violentos contra o noso movemento e outras organizacións e actores que construímos un proxecto popular e labrego a favor da terra, a soberanía alimentaria e a reforma agraria con iniciativas políticas que buscan mellorar a vida dos labregos e das labregas no campo”.



João Pedro Stedile



Daniel Pascual

DÍA DA LOITA LABREGA ▶ O SLG pediu ao Goberno do Estado unha posición contraria ao TTIP con Estados Unidos

A Vía Campesina centra o 17 de abril na loita contra os tratados de librecambio

A principal acción na UE foi un percorrido de denuncia polas oficinas dos lobbies en Bruxelas e a ocupación da Dirección de Agricultura

Na celebración do Día Mundial da Loita Labrega, o 17 de abril, as organizacións que integramos a Vía Campesina levamos a cabo dúas de accións en todo o mundo que, desta vez, estiveron centradas en denunciar os tratados de libre comercio e o seu efecto destrutor sobre a agricultura labrega e a soberanía alimentaria dos pobos.

Como era de agardar, na UE tódalas protestas estiveron dirixidas contra o acordo de libre comercio que están a negociar a Comisión Europea e os Estados Unidos, o coñecido como TTIP (*Transatlantic Trade and Investment Partnership*). Na Galiza, a secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego, Isabel Vilalba Seivane, rexistrou, o 16 de abril, na sede da Delegación do Goberno en Galiza (A Coruña), un documento pedíndolle ao Goberno Español unha postura contraria á sinatura deste tratado.

O escrito rexistrado denunciaba “a ameaza real que suporía a consecución do TTIP para a agricultura, a gandería e a seguridade alimentaria de Galiza” (ver Fouce 201, páxs. 22 e 23).

A case 2.000 quilómetros, en Bruxelas, a Coordinadora Europea da Vía Campesina e o Corporate Europe Observatory organizaron un acto denominado Lobby Tour no que participou o noso compañeiro Xosé Ramón Cendán. A acción consistiu nunha visita guiada polo barrio europeo de Bruxelas na que se deron exemplos da influencia dos lobbistas da industria agrícola sobre o TTIP e do trato privilexiado que lles dá a Comisión Europea. Trala rota, o Lobby Tour rematou coa ocupación da sede da Dirección Xeral de Agricultura da CE e cunha entrevista forzada co xefe das negociacións en materia agraria deste organismo, John Clarke. Ademais, o Sindicato Labrego Galego tamén apoiou as concentracións de protesta, como a de Lugo ou Vigo, que se fixeron na Galiza o 18 de abril, data elixida a nivel global para protestar contra o TTIP.



De arriba a abaixo: Xosé Ramón Cendán no Lobby Tour, toma da Dirección Xeral de Agricultura da Comisión Europea e conversa con John Clarke, e Isabel Vilalba despois de entregar o escrito contra o TTIP na Delegación do Goberno en Galiza



21 M ▶ Miles de galegos e galegas regresaron á capital do Estado para oporse ás políticas de recortes e austeridade

Nova enxurrada en Madrid das Marchas da Dignidade

A pesares da choiva, as Marchas da Dignidade volveron encher as rúas de Madrid o 21 de marzo para esixir a fin dos recortes, a defensa dos servizos públicos e dos dereitos sociais ou a negativa a pagar a débeda dos bancos. Baixo o lema “Pan, traballo e teito”, centos de miles

de persoas, entre as que se atopaba un grande continxente de galegos e galegas, encheron por completo a praza de Colón e as rúas adxacentes.

Nas intervencións orais, a encargada de falar en nome da Columna Galega foi Mónica Caamaño, que denunciou as políti-

cas de recortes e a “devastadora acción dun sistema capitalista ao que xa non lle cómpren máscaras para mutilar os dereitos conquistados”. “Están afogando a cidadanía con miseria e inxustiza”, proseguíu a voceira galega, “amordazan a liberdade e o dereito ao saber. Están saqueando a sanidade e a educación públicas ao tempo que a súa corrupción rega as rúas de desigualdade”.

Caamaño rematou chamando a atención sobre o “lingüicidio” que se está a perpetrar na Galiza co idioma galego, e po-

ñendo o punto e final cuns versos de Celso Emilio: «A miña terra é aquela coma unha mazá, pro a moceda fuxe dela en busca de outra terra onde o pan se pode comer sin bágoas».

✓ Folga xeral en outubro.

Trala marcha sobre Madrid, e despois de ter participado nas manifestacións contra o TTIP o 18 de abril e na celebración do 1 de maio, as Marchas da Dignidade xa están traballando na organización dunha folga xeral en outono, probablemente o 22 de outubro.



Isabel Vilalba e Charo Arredondo representaron á Coordinadora Europea da Vía Campesina no MMO

POLÍTICA LEITEIRA EUROPEA ▶ A secretaria xeral do SLG participou nas últimas xuntanzas do Observatorio Europeo do Mercado do Leite

A ECVC advirte dos prezos ruinosos polo aumento da produción láctea

As previsións apuntan a un forte desequilibrio do mercado debido ao incremento da oferta e ao estancamento da demanda

A secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego, Isabel Vilalba Seivane, e Charo Arredondo, da Executiva de COAG, participaron, o 24 de febreiro, na xuntanza do Observatorio Europeo do Mercado do Leite (Milk Market Observatory-MMO) en calidade de representantes da Coordinadora Europea da Vía Campesina (ECVC). A maiores, Isabel Vilalba participou nunha nova xuntanza deste foro o 29 de abril. En ambas ocasións, saíron á luz datos moi preocupantes sobre a situación do mercado que constatan a caída xeneralizada dos prezos provocada, en grande medida, a un constante incremento da produción que comeza a estar fóra de control.

Respecto da baixada dos prezos do leite, estase a dar a nivel xeral, especialmente nos Países Bálticos, aínda que tamén noutros produtores importantes como Holanda, Alemaña ou Bélxica, con caídas superiores ao 20% en 2014. Esta caída de prezos que, no Estado Español, lideran Galiza seguida por Cantabria e Asturias, contrasta coa leve recuperación de prezos que experimentaron os produtos vendidos pola industria. Con estes datos na man, Isabel Vilalba e Charo Arredondo avogaron no MMO por trasladar

esa recuperación do valor dos produtos lácteos ao prezo do leite en orixe que, no meirande dos casos, cotiza a valores que non cobren nin os custes de produción.

Outro dos problemas denunciados polas representantes da ECVC foi o dos excedentes de leite. Só na Unión Europea, na campaña 2014-2015, levábase acumulado un incremento de produción en novembro do 4'7%. Nos outros grandes produtores mundiais de lácteos acontece algo semellante: nos Estados Unidos, un incremento do 2'4% en 2014; en Australia e Nova Zelandia a produción aumentou o 2'6% e o 4'1%, respectivamente, no segundo semestre de 2014. Esta suba global da produción de lácteos unida á baixada do consumo provocada por factores como a contracción da demanda na China -que mantén un acordo comercial preferente con Nova Zelandia á hora de mercar leite- ou o veto ruso, é unha das principais causas de que o prezo do leite estea a descender a nivel global.

Esta tendencia seguirá en 2015, cando se prevé un incremento combinado na produción de lácteos a nivel internacional do 3,7% (na UE sería do 2'5%, nos EEUU do 2'8%, en Nova Zelandia do 2'7%, e en Australia do 2,6%); fronte a isto, agárdase que a demanda de lácteos só aumente un 2%. Con estes datos, só podemos agardar que o desequilibrio entre a oferta e a demanda de produtos lácteos se agudice aínda máis.

Resposta do sector á desidia política: sacrificio masivo de vacas e controis privados da produción

Hai que ter en conta que o medo á super-taxa fixo que na Unión Europea se contraese a produción a finais de 2014, o cal significa que, de non haber cotas, o incremento da produción tería sido moito maior. Este feito debería animar ás autoridades comunitarias a establecer novos mecanismos de control da produción que substitúan ao finado sistema de cotas.

Mais, lonxe de que os poderes públicos adopten medidas de control de mercado para equilibrar a oferta á demanda, o sector fai fronte a esta situación con saídas á desesperada como o sacrificio de vacas que, ademais reducir a capacidade de producir leite xera uns cartos extra nunhas granxas que viron os seus ingresos drasticamente reducidos debido aos baixos prezos. Sen ir máis lonxe, no Estado Español incrementáronse os sacrificios de vacas nun 10%; en Polonia, eses sacrificios disparáronse un 47%. Para Isabel Vilalba “é unha barbaridade que a xestión da produción leiteira se faga a través do peche de explotacións por bancarrota ao non poder resistir uns prezos tan baixos, ou a través do sacrificio masivo de vacas”.

A parálise dos poderes públicos nesta cuestión exprésase en feitos como que xa hai industrias francesas que comezan a impor controis privados á produción, como penalizacións de 5 ou máis céntimos no prezo do leite a aquelas explotacións que superan as cantidades de leite que teñen asignadas. Segundo explicaron representantes destas industrias, prefírense adaptarse ao mercado real que teñen en troques de meterse en grandes investimentos para poder producir máis.

Finalmente, os representantes da Comisión Europea confirmaron que a super-taxa se vai cobrar integramente e que a data límite para que os Estados membros paguen a multa que lles corresponda, en caso de superar a súa cota láctea asignada, será o 30 de novembro. Respecto disto, estase a debater a proposta do Grupo de Comisarios e Comisarias de Agricultura a posibilidade de que os Estados poidan fraccionar o pago da super-taxa ás industrias e primeiros compradores, pero tendo sempre como referencia que o abono da multa por parte de cada estado o 30 de novembro é algo innegociable.

ASEMBLEA DA MOCIDADE DA ECVC ▶ Unha vez máis, Daniel Rodicio, membro da Dirección Nacional, e a técnica Conchi Mogo, representaron ao Sindicato Labrego Galego na Asemblea da Mocidade da Coordinadora Europea da Vía Campesina. Como vén sendo habitual, o traballo dos mozos e das mozas precedeu á asemblea xeral, desenvolvéndose do 28 de febreiro ao 1 de marzo, tamén en Bruxelas. O seguinte texto, escrito por Daniel Rodicio, tenta expresar o espírito que impregnou estes dous días de intenso traballo.

Alternativas, emancipación, lucidez e inspiración da mocidade labrega nunha Europa rural sen folgos

Para entendermos os problemas dos mozos labregos e das mozas labregas a nivel europeo é preciso que se encontren a varios niveis e que, pouco a pouco, se vaian ampliando en círculos concéntricos as microxeografías que nos unen, e se vaian diluíndo as fronteiras de cristal e prexuízos que nos separan.

Na Europa neoliberal-chauvinista de distintas velocidades é certo que configurar esa fraternidade entre pobos é complexo, máis cando a Europa do centro mira con prepotencia a periferia e, á vez, esta mira con receo ao centro e cada estado mira o seu embigo defendendo os intereses das súas oligarquías. Moitos e moitas temos tendencia, por confusións creadas, a confundir o continente xeográfico que vai do Finisterre aos Urais coa construción política. Pero toda construción política está provista de institucións que obedecen unhas determinadas correlacións de forzas sociais, políticas e económicas.

A tarefa que nos ocupou na Asemblea da Mocidade da ECVC transcendeu os marcos dunha Unión Europea que comparte moeda pero non harmonía fiscal, mercado pero non democracia económica, e que ten un parlamento puramente simbólico. Por extensión, tamén transcendemos unha política agraria despreocupada polas xentes dos diferentes e plurais agros europeos cheos de riqueza e biodiversidade cultural, natural, paisaxística e de recursos; unha política agraria só preocupada polos intereses económicos e egoístas das grandes transnacionais do agronegocio. A nosa



tarefa foi outra, e foi alén da xeografía, da economía ou da política, aínda que bebeu destas ciencias para avanzar no obxectivo común da asemblea: crear internacionalismo labrego para a xuventude rural que vive en Europa, compartir experiencias que nos axuden a aprender a unhas persoas das outras, creando lazos de solidariedade nas alternativas cribles e sólidas ao neoliberalismo e nas distintas emancipacións con creatividade, lucidez e inspiración.

Nesta asemblea visualizouse a necesidade da creación de redes de intercambio de coñecementos e experiencias, de axuda mutua, de lazos, que nos axuden a camiñar mellor cara un mundo mellor. Se Europa está sen folgos, entón Galiza, que é unha nación periférica dun estado periférico, parece camiñar

co único rumbo certo da emigración e o envellecemento; moito máis despois dunha crise que axudou a desmantelarnos máis do que estabamos e que axudou a baleirarnos aínda máis de poder financeiro, agrario e industrial, pois só hai que mirar o que pasou coas caixas de aforro, con Pescanova, con Bazán ou co sector lácteo.

O rural galego necesita xente moza, pois se no ano 2003 tiñamos 100.000 explotacións agrarias, hoxe só quedan 76.000. Destas, só o 5%, é dicir 3.600, teñen titulares menores de 40 anos. A xente moza que vive no rural necesita ideas, alternativas, solucións que lle axuden a vivir con dignidade no agro galego do século XXI. Por iso, é tan imprescindible construír e participar nestes foros internacionais que tanto nos poden

axudar a importar ideas novas para desenvolver, e exportar enormes experiencias e saberes propios, que tamén os temos.

Agora falta construír os círculos máis imprescindibles e necesarios para que todo funcione, os alicerces da casa propia. Por iso é tan importante empezar a organizarnos como mocidade, tanto a nivel comarcal como a nivel de país.

Por iso o Sindicato Labrego Galego fai un chamamento á xente moza para unirse ao traballo colectivo, á ACCIÓN, á PARTICIPACIÓN, a soñar e moldear Galiza para que o seu rural teña futuro e para que a súa xuventude teña dignidade e, ao mesmo tempo, para axudar a crear unha Europa social e dos pobos que traballe na dirección da fraternidade humana e dun mundo mellor.

8 de marzo ▶ A Vía Campesina fixo do Día Internacional das Mulleres un mosaico multicolor que levou dun cabo a outro do mundo a denuncia contra as lacras do patriarcado e a demanda dunha sociedade igualitaria. Como mostra, o manifesto que fixo a Vía en Europa e algunhas imaxes de latitudes dispares.

Labregas pola soberanía alimentaria, contra a violencia e o agronegocio

Neste 8 de marzo, Día Internacional das Mulleres, as labregas da Coordinadora Europea Vía Campesina, creadoras historicamente de vida, gardiás das sementes tradicionais, coidadoras da diversidade de paisaxes e da alimentación, transmisoras de coñecementos, levantamos a nosa voz para dicir:

NON ao patriarcado.

NON ás políticas neoliberais.

NON ao agronegocio, responsable da expulsión de miles de labregas e labregos dos nosos territorios, da industrialización da agricultura e o cambio climático.

NON aos chamados tratados de libre comercio, como o CETA ou o TTIP, con procesos totalmente opacos e antidemocráticos, cuxa única pretensión é a maior obtención de beneficios para as multinacionais a costa dos dereitos da cidadanía (alimentación, saúde, equidade social, dereitos laborais, políticas públicas, medio natural...)

NON ao acaparamento de terras e recursos naturais nin en Europa nin en ningunha outra parte do planeta.

NON á precarización das condicións de traballo.

NON á violencia e á opresión.

Nós, mulleres labregas, dicimos:

SI a que se garantan os nosos dereitos sexuais e reprodutivos, e o respecto a todo tipo de identidades de xénero.

SI á visibilización do papel das mulleres labregas.

SI ao noso necesario recoñecemento legal na esfera social, política e profesional (cotización á Seguridade Social, acceso á terra e á titularidade das nosas granxas, dereitos de persoas migrantes e traballadoras sen terra, a debida protección social...)

SI á corresponsabilidade da sociedade no seu conxunto nos coidados e demais tarefas da esfera reprodutiva.

SI a tódalas mulleres que loitan tódolos días por un mundo rural máis xusto e máis sustentable.

SI á Soberanía Alimentaria e ao Feminismo Labrego Popular.

QUE TÓDOLOS DÍAS SEXAN 8 DE MARZO!

VIVA A LOITA LABREGA,
VIVA A LOITA DAS MULLERES!

GLOBALICEMOS A LOITA!
GLOBALICEMOS A ESPERANZA!



De arriba a abaixo, e de esquerda a dereita: cartaz do 8 de marzo da Vía Campesina en Colombia, manifestacións en Xapón e Honduras, e ocupación dun viveiro de eucaliptos transxénicos en Brasil realizado por mulleres Sem Terra.



Ao longo da fin de semana, un cento de labregas participaron nas diversas actividades do Encontro da Secretaría das Mulleres do SLG na Illa de San Simón (Redondela)

XI ENCONTRO DA SECRETARÍA DAS MULLERES ▶ A Illa de San Simón, en Redondela, acolleu a undécima edición deste foro no que participaron máis de 100 labregas

25 anos de loita e iniciativas pola igualdade das mulleres no medio rural

Tras un cuarto de século de andaina, esta secretaría do SLG segue na vangarda da defensa dos dereitos das labregas galegas

Do 14 ao 15 de marzo, coa Illa de San Simón como escenario, máis dun cento de labregas de toda Galiza participaron no Encontro Anual da Secretaría das Mulleres do SLG, que desta vez celebraba a súa undécima edición. Esta ocasión foi especial, pois neste 2015 cumpríronse 25 anos dende que se crease, no seo do Sindicato Labrego Galego, este órgano de participación das afiliadas que ten sido pioneiro na toma de iniciativas e na loita polos dereitos das labregas e das mulleres que viven no rural. Precisamente, co gallo desta efeméride, as participantes no Encontro fixeron memoria e percorreron as teimas e reivindicacións polas que estiveron a traballar

durante un cuarto de século: dende a loita pola titularidade compartida nas explotacións agrarias; até a demanda dunha Seguridade Social ao alcance de todas e con pensións dignas; pasando pola enriquecedora camaradería á hora de compartir singradura con labregas de todo o mundo, a través da Vía Campesina, ou a coas compañeiras da Marcha Mundial das Mulleres.

Esta mirada cara a atrás serviu tamén para fixar a vista diante e comprometerse a seguir estando xuntas no futuro nese camiño de aprendizaxe, loita e irmandade, xa que, a pesares dos avances que houbo en cuestión de igualdade nos últimos anos, aínda queda moito por facer. Unha boa proba disto é que, tres anos despois de aprobarse a Lei de Titularidade Compartida, o 5 de xaneiro de 2012, tan só solicitaron a titularidade 13 mulleres na Galiza das 35.000 que se estima poderían facelo.

✓ Savia nova na agricultura en feminino plural

Unha das primeiras actividades do Encontro da Secretaría das Mulleres do SLG foi escoitar a testemuña de varias labregas -tres do Baixo Miño e unha de Lugo- que compartiron as súas experiencias á fronte de proxectos agrarios novidosos que ían dende a elaboración de viño biodinámico á cría en réxime extensivo de vacas de raza Vienesas, pasando pola comercialización directa de alimentos e a transformación de hortalizas e froitas en conservas, marmeladas, etc.

Estas iniciativas profesionais foron a porta de entrada para analizar as problemáticas ás que se deben enfrontar as labregas que queren levar adiante proxectos coma os devanditos, e que adoitan a ser moito maiores que no caso dos homes: dificultades para ter acceso á Seguridade Social nos momentos iniciais dos proxectos, cando hai serios pro-

blemas de liquidez; as triplas xornadas laborais das mulleres que, amais do seu traballo como profesionais, teñen que facer tarefas no fogar e coidar da rapazada e das persoas maiores; a case nula oferta de formación de calidade para poder poñer este tipo de iniciativas en marcha; a carencia de servizos na maior parte do rural que case sempre teñen que suplir elas; ou a falta de apoios e mesmo atrancos para a comercialización ou transformación de produtos agrarios a pequena escala. Estes son algúns dos obstáculos aos que se deben enfrontar as labregas na súa vida laboral.

No plano positivo, a actividade profesional e humana destas mulleres no seu entorno propicia a produción de alimentos de calidade, xera riqueza, axuda a revitalizar o medio rural, e mesmo desenvolve servizos que os poderes públicos non están a prestar nesas zonas. **SEGUE ▶**

Un paseo pola memoria da represión franquista e do legado insustituíble das mulleres labregas

Xa pola tarde, tralo xantar, houbo unha visita guiada pola Illa de San Simón na que as asistentes puideron coñecer a historia de represión ligada a este entorno. As labregas participantes no Encontro renderon homenaxe ás persoas que estiveron recluídas, por motivos políticos, no campo de concentración que a ditadura franquista instalou nesta illa e polo que pasaron unhas 6.000 persoas, das cales morreron 700. “Non podemos consentir que este episodio negro da nosa historia recente volva a repetirse. Un pobo que non recoñece a súa historia está condenado a repetila”, manifestaría, posteriormente, a secretaria xeral do Sindicato Labrego.

De volta ao auditorio da Illa de San Simón, as protagonistas da tarde foron as mulleres de máis idade que, dende a Mesa de Sabias, falan da súa longa experiencia como labregas, toda unha vida de duro traballo sempre agachado trala invisibilidade. As mulleres labregas mantiveron, ao longo dos séculos, bens de valor incalculable que, grazas a elas, hoxe conservamos: coñecementos e prácticas agrarias transmitidas xeración tras xeración; biodiversidade en forma de sementes; ou actividades fundamentais para a economía agraria e a economía rural como acudir a feiras e mercados a vender, moitas veces en condicións durísimas. A pesares da súa importancia fundamental, ese traballo non estivo acompañado de recoñecemento legal, nin social, nin dunha remuneración axeitada; máis ben todo o contrario: invisibilizouse de maneira sistemática. escoitar a traxectoria vital destas mulleres foi unha das partes máis emotivas do encontro; lonxe do derrotismo, elas tamén souberon erguerse sobre todos estes atrancos e ser protagonistas de experiencias pioneiras que apostan por prácticas anovadoras como a diversificación de cultivos, a bioconstrución ou a acollida de voluntarios e voluntarias de todo o mundo a través da rede WWOOF. **SEGUIE ►**

Compartindo coa Marcha Mundial das Mulleres e coa Rede Galega de Sementes

Nesta ocasión, estiveron invitadas ao Encontro representantes da Marcha Mundial das Mulleres para falar da Caravana Feminista 2015; e a Rede Galega de Sementes, cuxa actividade foi explicada pola nosa compañeira e vicerresponsable da Dirección de Horta, Froita e Flor do SLG, Belén Fervenza.

No primeiro caso, dende a Marcha Mundial das Mulleres faláronnos da caravana feminista que partiu do Kurdistan, o pasado 8 de marzo, e que realizará un periplo percorrendo toda Europa até chegar a Portugal o 17 de outubro, tras pasar por Galiza na súa etapa final. Con esta caravana, a Marcha Mundial quere pór en contacto mulleres e colectivos feministas de todo o continente “que loitan e resisten nas súas cidades e pobos contra a violencia, a austeridade, a pobreza, o racismo, o fascismo, a lesbofobia e todas as opresións que fan a vida das mulleres máis difícil. O noso obxectivo é documentar e visibilizar as loitas das mulleres que se enfrontan a problemas similares, en contextos diferentes”.

Pola súa banda, Belén Fervenza explicou o indispensable labor da Rede Galega de Sementes nun contexto como o actual no que a FAO ten denunciado a desaparición de miles de especies de hortalizas e froitas que se cultivaban de xeito tradicional por mor do desprazamento sufrido polas sementes de orixe industrial. Dende as institucións e os diversos gobernos non se fixo practicamente nada para defender e conservar este patrimonio xenético, polo que, unha vez máis, tivo que ser unha iniciativa cidadá a que se ocupase desta importante e imprescindible tarefa que, na Galiza, está a ser desenvolvida pola Rede Galega de Sementes. Trátase de persoas que, de xeito voluntario e desinteresado, traballan para localizar, identificar, conservar e reproducir as nosas sementes tradicionais coa intención de poder compartilas con outras labregas e outros labregos para o seu uso. Como xa é habitual nestes encontros, as asistentes aproveitaron a xuntanza para intercambiar sementes traídas dende toda a xeografía galega, do mesmo xeito que compartiron alimentos cultivados e preparados por elas mesmas.

Xa o domingo, as labregas do SLG participaron nun obradoiro impartido pola facilitadora Tareixa Ledo Regal1 baixo o título “Nin son máis, nin son menos: son eu”, no que levou da man ás asistentes nun percorrido que foi dende as rela-



cións de poder ás relacións do bo trato. Neste obradoiro, e a través dunha serie de exercicios moi sinxelos, as participantes experimentaron como, na vida real, vivimos as relacións de poder, ben dende abaixo, que é o máis xeneralizado para as mulleres, e ás veces tamén dende arriba. Di Tareixa que “colocándonos desa maneira, o que estamos a construír e reproducir son as relacións de poder que están instauradas na nosa sociedade, marcadamente neoliberal e patriarcal, que dá valor a algunhas persoas e quíttallo a outras. A alternativa a iso non é colocarse nin arriba nin abaixo, pois iso suporía perpetuar esas relacións de poder; senón situarnos, dende o corpo da dignidade, nunha posición horizontal de igualdade baseada no respecto ás diferenzas de cadaquén”.

Deste xeito, chegaba á súa fin o XI Encontro Anual da Secretaría das Mulleres. En palabras da secretaria xeral do SLG, Isabel Vilalba Seivane, “este encontro ratificou o incremento de participación de labregas ano tras ano dende que se celebrou por primeira vez en Allariz, en novembro de 2004. Grazas a estes encontros, poñemos en común experiencias que mulleres están a desenvolver en distintas comarcas e falamos de cuestións que nos atinxen ás labregas.

Durante estes anos houbo unha evolución. Amais de termos mesas de traballo ao redor de diversos temas, algo básico para mantermos informadas e para aprender; tentamos que haxa unha participación activa das participantes para que as actividades non consistan só en simples relatorios pasivos nos que unha muller fala e as demais escoitan. Polo demais, estes encontros foron e son fundamentais para abordar a nosa propia articulación dentro do Sindicato Labrego Galego de cara a facer real a paridade de xénero en tódolos órganos de dirección que figura nos nosos estatutos, e a nosa participación activa na vida sindical”. **FIN ■**


CONGRESO SECTORIAL DA DIRECCIÓN DE HORTA, FROITA E FLOR DO SLG

31 de maio

na antiga escola unitaria de Tabeirós
Horario: 11:00-14:00 / 16:00-18:30

Tramita o teu seguro de equinos no Sindicato Labrego Galego

Asegura a recollida do teu caballo cun seguro de responsabilidade civil de 300.000 euros a partir de 20 € por animal.



Revisións médicas gratuítas para persoas afiliadas ao SLG

O Sindicato Labrego Galego, no marco do convenio de colaboración co Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), vén de dar comezo á campaña 2015 de recoñecementos médicos gratuítos para labregos e labregas, que se levarán a cabo nos centros provinciais do ISSGA. Estes recoñecementos médicos estruturaránse do seguinte xeito:

- ✓ Anamnese e historia clínica individualizada do traballador ou traballadora.
- ✓ Historia laboral.
- ✓ Exploración física específica.
- ✓ Estudos complementarios:
- ✓ Control-visión.
- ✓ Tonometría.
- ✓ Probas de funcionalismo pulmonar.
- ✓ Audiometría tonal liminar por vía aérea e ósea.
- ✓ Impedanciometría.
- ✓ Electrocardiograma.
- ✓ Análise clínica:
 - ▶ Bioquímica.
 - ▶ Hematoloxía e fórmula leucocitaria.
 - ▶ Velocidade de sedimentación.
 - ▶ Reacción antibrucela (Rosa de Bengala); no caso de positividade, realizarase a seroaglutinación en tubo para Brucela Abortus.
 - ▶ PSA (a homes de 45 ou máis anos de idade).
 - ▶ Análise de ouriños.
- ✓ Outras probas que sexan necesarias, a criterio do médico e en función do risco no traballo.
- ✓ Elaboración e envío do informe médico coa impresión diagnóstica.
- ✓ Recomendacións.

Para mais información e para concretar a participación nos recoñecementos debes dirixirte ao teu local do SLG, onde se formalizará a solicitude e se especificará a documentación que debes achegar.

Actividade
financiada por:



XUNTA
DE GALICIA

Axudas complementarias para reposición de gando

Estas axudas son complementarias ás convocadas na orde publicada en xaneiro de 2015 para a concesión de indemnizacións por sacrificio obrigatorio de animais dentro dos programas de saneamento gandeiro oficiais.

A particularidade desta convocatoria é que se establecen compensacións complementarias por lucro cesante nos casos de inactividade nunha explotación de gando bovino, ovino e cabrún, rexis-

trada en Galicia, por motivo da vixilancia, loita, control ou erradicación de enfermidades destas especies, levados a cabo no marco de programas ou actuacións sanitarias oficiais

Por outra banda, establécense axudas para a compra de animais das especies bovina, ovina e cabrúa que teña por obxecto a reposición de efectivos, naquelas explotacións rexistradas en Galicia en que se ordenasen sacrificios despois do diagnóstico

dunha enfermidade sometida a un programa ou a unha actuación de saneamento gandeiro.

Tamén se incluírán os casos de animais desas especies que morresen neses marcos sanitarios oficiais citados, e os casos de morte/sacrificio deses animais a consecuencia dun programa oficial obrigatorio de vacinación.

O prazo para solicitar estas axudas estará aberto até o 30 de novembro.

ASESORÍA PARA AS MULLERES DO RURAL.

Infórmate en
calquera oficina do SLG



PUNTO DE ATENCIÓN ÁS MULLERES DO RURAL
ASOCIACIÓN PUNTO DELAS - SECRETARÍA DAS MULLERES

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Véndese

-Remolque esterqueiro de 10 m³. Varias velocidades de descarga e marcha atrás. Porta tra-seira hidráulica. Moi bo estado. Zona de Tordoia (A Coruña)
☎679 509 588 / 616 552 180

Véndense

-Bolos de silo e de herba seca. Prezo económico.
☎680 107 271

Véndense

-Vacas de carne Limousine paridas e preñadas. En Castroverde (Lugo).
☎699 993 843

Véndense

-Cisterna de 3.500 litros Coruxo, con peche hidráulico.
-Vacas e xovencas. En Moar (Frades).
☎981 695 542 / 648 118 865

Véndense

-2 invernadoiros tipo túnel de 500 m² cada un (están desmontados e gardados).
-Transplantadora Checchi&Magli Fox-Drive R-14, para planta en cepellón ou raíz.
☎628 841 340

Véndese

-Rotoempacadora Carraro, con documentación.
-Desensilador. Todo en moi bo estado.
☎982 176 085 (chamar á noite).

Véndese

-Rotoempacadora sistema Welger RP12 en bo estado.
☎676 268 464 (preguntar por Vítor)

Véndese

-Sala de muxido de 8 puntos.
-Bañeira de 1.600 litros.
-Cornadizas.
☎608 551 543

Véndese

-Ribeira de 400 metros, con adega e bo acceso. En Pedrafitá (Chantada).
☎646 054 000

Véndense

-2 vacas de raza Rubia Galega de 5 a 6 anos, moi mansas.
☎689 752 400

Véndese

-Remolque para transporte de animais.
☎982 505 755

Véndese

-Autocargador en bo estado.
☎648 718 864

Véndese

-Autocargador Galagri rotativo, con tódolos extras: descarga hidráulica, freo hidráulico e electroválvulas.
☎981 418 423 / 686 666 032 (preguntar por Antonio).

Véndense

-2 tanques de leite, un de 500 litros e outro de 300 litros. Zona de Chantada.
☎657 397 499

Véndese

-Remolque autocargador-picador Claas Sprint 324K. Eixe tandem, 32 coitelas. Con documentación e en bo estado.
☎981 786 610 (preguntar por Xosé Antonio, a partir das 21:30 horas).

Véndense

-10 cabritas de 5-6 meses para criar, a maior parte delas brancas. Prezo: 100 €/animal.
☎648 714 898 (preguntar por Antonio).

Véndense

-3 tenreiras de Rubia Galega, de 1 ano de idade. Marcadas en Acruga.
☎629 163 901

Véndese

-Remolque distribuidor de esterco, modelo AFMR Uracon RT 1/4 para 5.500 Kg. con freo hidráulico.
☎650 019 275

Véndese

-Coche Peugeot 106, con enganche para remolque. 80.000 Km. Prezo: 1.000 €. Zona de Monfero (A Coruña).
☎634 655 361

Véndense

-Rolos de herba seca de boa calidade en Baroncelle (Abadín, Lugo).
☎982 178 970

Véndese

-Casa de pedra en Herbes (Carral, A Coruña).
☎981 196 489 / 626 806 590

Véndese

-Casa no casco antigo de As Pontes.
☎646 964 335

Véndese

-Viño do país e augardente. N'A Estrada.
☎986 689 486

Véndense

-Invernadoiro tipo capela de 500 m² Prezo:1.000 €
-Chimpín con reixa, arado, fresa e remolque. 1.000 €
-Casa con finca de 5.000 m² en Cora (A Estrada). 90 m² por planta, ten 3 plantas. Tamén ten pozo de mina, calefacción, lareira e outros. Prezo: 180.000 €
☎653 960 162

Véndese

-Furgoneta Citroën JUMPY 110 CV, mixta, do ano 2002.
-Furgoneta NISSAN PRIMA START 115 CV ano 2007.
-Motosegadora BCS.
☎636 269 488

Véndese

-Tractor John Deere 2140.
-Cisterna de 3.000 litros documentada.
-Rotoempacadoras Wolwo e Lerda.
-Tractor Ebro Super 55-Fresas de 1.60 m e 1.35 m
☎620 171 952

Véndense

-Tractor New Holland 7740 con 5.900 horas de uso, pa Tenias B3 e 3 funcións con monomando. Rodas de adiante novas e as de atrás a medio usar.
-Ringleirador de herba MUR de 2 norias e 5,5 metros de ancho, peche hidráulico, suspendido nos brazos.
-Batedor de zurro. En Paradela (Sarria).
☎686 596 260

Véndense

-Rolos de silo e herba.
☎659 213 085

Véndense

-Vacas preñadas ou paridas.
-Xovencas preñadas ou paridas con carta e control sanitario da AD SG.
-80 rolos encintados de primeiro corte de F4. En Olas (Mesía).
☎659 927 961

Véndese

-Máquina malladora de cereal Campeba. Serve Limpa toda clase de cereais. Zona de Touro.
☎981 191 327

Véndense

-Vaca con cría e unha xovenca Rubia Galega marcadas de ACRUGA.
☎689 752 400

Véndese

-Herba seca en rolos na zona de Lugo.
☎617 564 440

Véndese

-Becerro limousín. En Lugo.
☎685 884 257 e 982 207 733

Véndense

por peche de explotación:
-Segadora Bertoline.
-Rotativa.
-Empacadora John Deere modelo 339 E.
-Aboadora completa.
-Emboladora Feraboli FF20
-Estendedor.
-Tractor Ebro 160 E.
-Cisterna de zurro de 3.000 l.
-Remexedor de zurro.
☎650 911 778

Véndese

-Alpacadora Batlle. Moi bo estado Zona: O Corgo.
☎659 341 116

Véndense

-Rolos de herba seca en Castro de Rei.
☎659 643 489

Véndese

-Remolque para rolos e pacas con basculante. Iso inox, chasis galvanizado. Medidas 5.70 x 2.20 e capacidade para 16 rolos.
☎650 158 948

Véndese

-Cisterna de xurro de 3.000 litros con documentación en Chantada.
☎687 806 352 (Xosé Manuel)

Véndese

-Pa para tractor Fiat (4 botellas dobre efecto con terceira función).
☎610 362 674

Véndese

-Viño do país. En San Miguel da Barcala (A Estrada).
☎986 689 486

Véndense

-Land Rover Freelander.
-Limpadora e muíño de tractor. No Corgo (Lugo).
☎648 718 864

Véndese

-Camión de gando (PMA 3.500 kg) en bo estado.
☎628 579 310

Véndense

-Vacas de leite e xovencas con carta xenealóxica e tódalas garantías sanitarias da AD SG de Mesía.
☎659 927 961

Véndese

-Seat Marbella en bo estado. Zona Betanzos.
☎626 194 490

Véndense

-29 vacas de carne e un touro. Por cese de actividade. En Xermade.
☎620 364 344 982 501 074

Véndense

-80 Rolos de herba seca. Zona de Baralla
☎630 906 599

Arréndanse

-14 de ferrados de terras de labor en San Román (Oroso).
☎981 271 228 / 676 725 202

COMPRAS

Mércase

-Remolque usado para o transporte de animais con turismo particular.
☎626 915 873 (preguntar por Xosé).

Mércase

-Chimpín que teña remolque. En Teo (A Coruña).
☎627 087 795 (preguntar por Dolores)

Mércase

-Encintadora arrastrada.
☎639 503 210

Mércase

-Silo usado de penso a partir de 6.000 quilos.
☎689 752 400

Mércase

-Cadeira de montar. En Vila-martin de Valdeorras. Preguntar por Sindo.
☎988 300 030 / 606 672 781

Mércanse

-Beceros de recría de 2 a 6 meses.
☎689 752 400

EMPREGO

Ofrécese

-Peón agrícola e gandeiro con experiencia. Disponibilidade para mudar de domicilio.
☎643 331 397 / 642 257 413

Necesítase

-Persoa empregada para explotación na zona de Xermade (Lugo).
☎627 950 681

Cédese

-Viñado en plena produción (2.000 m²) n'O Rosal. Albariño 75%, Loureiro e Tinto.
☎667 559 806 (Isabel)

Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliad@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada. Os anuncios publícanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quitaranse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.

 **TELÉFONO DE
EMERXENCIA PARA
CASOS DE VIOLENCIA
CONTRA AS MULLERES**



016

**Non permitas que te maltraten.
Solicita axuda no teléfono 016.**

Chamada gratuíta e secreta (non se rexistra no recibo)

A SAT Torneiros (Allariz) naceu en 1989 da unión das familias Quintas Rodríguez e Cid Álvarez. Aínda que comezaron en convencional, en 1994 deron o paso a producir leite ecolóxico. Hoxe, a xente máis nova -Marcos con 30 anos, e Carme de 26-, colleron as rendas da granxa e, en 2012, decidiron ir máis alá creando e envasando a súa propia marca de leite, Ecoleia (Leite Ecolóxico de Allariz), como alternativa aos prezos “vergonzosos e de miseria” que predominan no sector lácteo.

“Estamos en mellores condicións para sobrevivir á fin do sistema de cotas”

✓ **Por que as vosas familias deron o paso a producir en ecolóxico en 1994?**

Porque así era a súa idea. As nosas familias criaron as vacas como se criaron toda a vida e nunca lles gustou telas pechadas na corte nin mantelas nun réxime intensivo. A maiores, naquela época o sector lácteo estaba en crise, con prezos baixos e a loita polas cotas lácteas no seu punto álxido, polo que, ademais de defender o noso, queríamos buscar unha alternativa.

✓ **Influíu que o leite ecolóxico estivese mellor pagado?**

Iso é relativo. Se analizas os custes de producir en ecolóxico, está igual ou peor pagado que o leite convencional. Nós temos gastos especiais, xa que a materia prima que utilizamos ten que ser ecolóxica tamén. Por exemplo, temos que traer o millo importado de Italia, pois no Estado Español é case todo transxénico. Ademais, unha vaca en ecolóxico produce unha media de 18 litros, cando as convencionais se moven hoxe nunha produtividade entre 35 e 40. A nosa elección foi porque nos convencía o modelo en si, non por motivos económicos.

✓ **Por que destes o paso de crear Ecoleia?**

Foi en 2012, e a razón foi buscarlle un valor engadido ao noso traballo, a un produto que elaboramos con toda a confianza e todo o cariño. Poñemos moito de nós no leite que producimos, e cáeseche a alma aos pés cando, despois de pagárnolo a menos de 40 céntimos, velo nos supermercados a 1'60 euros. Este foi o principal motivo polo que decidimos envasar a nosa propia marca de leite.



✓ **Que parte da vosa produción envasades e comercializades directamente?**

Agora mesmo, envasamos e vendemos baixo a marca Ecoleia o 20% da nosa produción. O resto segue a levalo a industria a un prezo, hoxe en día, de 39 céntimos por litro. Para garantir a frescura do leite, repartimos en días alternos, levando uns 350 litros en cada reparto, o que supón vender algo máis de 1.000 litros de leite por semana.

✓ **É rendible?**

Cando elixes ser gandeiro, non buscas rendibilidade, senón que apostas por un xeito de vida. Se calquera de nós parase a botar contas, non daría o paso de rexentar unha granxa. Máis alá desta aclaración, no contexto actual, cando se están a asinar contratos a 27 céntimos e menos, vender directamente o que produces é moi rendible. Eu calculo que nos poden quedar

uns 50 céntimos por cada litro de leite que envasamos e vendemos, que son 10 céntimos máis que o que nos paga a industria.

✓ **E foi difícil o proceso de poñer no mercado Ecoleia?**

Difícil, non. Horrible.

✓ **Horrible por que?**

Pola burocracia. Nós chegamos a un punto no que, tendo a planta de envasado montada e pagada, cando a demos estreado xa lle caducara a garantía ás máquinas. Papel para aquí, papel para alá, como a nosa era unha actividade novidosa, con baleiros legais, ninguén sabía nada e nos mandaban dunha oficina a outra.

✓ **Cres que o voso modelo sería unha boa opción como alternativa aos prezos de miseria que hai no sector?**

Non creo que sexa unha boa alternativa: é a única alternativa. Os prezos do leite son de miseria, vergonzosos, dan au-

téntica pena. O leite que comercializamos coa etiqueta Ecoleia ten as mesmas garantías sanitarias que calquera pero, ademais, quen o consume sabe que non vai atopar restos de antibióticos, hormonas ou químicos, o cal é un plus engadido. Eu creo que a alternativa é esa: darlle aos consumidores e consumidoras, polo mesmo prezo que venían pagando e coas mesmas garantías, un produto de maior calidade. E o único xeito de darllo é produci-lo un mesmo. En caso contrario, os consumidores e consumidoras, ao final, sempre son enganados.

✓ **Como vos afecta a vós a fin do sistema de cotas?**

Estou convencido ao 100% que unha explotación como a nosa está en mellores condicións para sobrevivir á fin do sistema de cotas. Unha explotación convencional ten que estar, hoxe en día, con moito medo. Unha explotación convencional do tamaño da nosa, cunhas 100 vacas, está abocada a pechar porque non vai dar competido nin en prezos nin en produción co resto da Unión Europea. Eu intúo que, dentro dun ano ou ano e medio, ou mudan moito as cousas, ou para sobrevivir no sector lácteo en convencional vas poder facelo se tes un mínimo de 500 vacas, pois a tendencia é a producir cada vez máis con menos explotacións. Todo o mundo fala disto.

Por iso, a única alternativa que lle vexo a ese modelo co que non imos competir é optar pola calidade, pois a cidadanía tamén rematará por decatarse que a súa saúde está intimamente relacionada cos alimentos que consume.